No caso de actividade semi-presencial ou non presencial seguirá empregándose a aula virtual do conservatorio; o traballo que se realiza na aula pasaría a realizarse por videoconferencia. No ensino semi-presencial, a avaliación levaríase a cabo do mesmo xeito que no ensino presencial: mediante a entrega de actividades na aula virtual e de probas escritas presenciais. No caso de ensino non presencial, a avaliación realizaríase por medios telemáticos, mediante a entrega de tarefas na aula virtual.

3.2.3 Plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2020/2021

Todo o alumnado adquiriu as aprendizaxes imprescindibles.

3.2.4 Revisión dos obxectivos que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación das programacións

Os obxectivos serán os xa contemplados na programación.

3.2.5 Medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer

No inicio do curso detectárase ao alumnado que puidera ter dificultades derivadas da fenda dixital, acordando a maneira máis efectiva de que poidan acadar os obxectivos da materia, a través de tarefas adaptadas ou de entregas en papel en lugar de dixitais.

3.3 Novas Tecnoloxías e It. de Musicoloxía

3.3.1 Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior (2020/2021)

Todo o alumnado adquiriu as aprendizaxes imprescindibles.

3.3.2 Posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semi-presencial e/ou non presencial. Adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir

No caso dunha actividade lectiva presencial, seguirase a programación habitual. Se a situación epidemiolóxica requirise unha actividade semi-presencial, optaríase por un modelo de flipped classroom aproveitando a aula virtual como presentación dos materiais que darán lugar ao reforzo na clase presencial. Se a situación requirise un peche do centro e por tanto unha actividade completamente en liña, esta será desenvolvida a través da aula virtual do conservatorio cun curso online especificamente deseñado para o caso e con conexións a través de ferramentas de vídeoconferencia.

3.3.3 Plans de reforzo e recuperacion coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2020/2021

Todo o alumnado adquiriu as aprendizaxes imprescindibles.

3.3.4 Revisión dos obxectivos que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación das programacións

Os obxectivos serán os xa contemplados na programación.

3.3.5 Medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer

A avaliación inicial permitirá ter unha visión clara da posíbel fenda dixital, e en todo caso adaptar a actividade lectiva ao caso particular de cada alumna ou alumno. É evidente que nunha materia como Novas Tecnoloxías, o uso dun soporte informático faise necesario, pero nun caso extremo as opcións poden variarse para adaptarse á realidade do alumnado.

Doutra banda neste curso hai unha alumna invidente matriculada en Novas Tecnoloxías. Contactouse co equipo de apoio da ONCE, para informarse con eles dos programas e pedagogía que resulten máis accesibles e adecuados a discapacidade da alumna. Dita organización proporcionoulle a licenza do programa BME, que lle permitirá a alumna escribir partituras en braille, pero que tamén permite publicalas en tinta (formato visual), e entre as diferentes opcións de editores de audio e secuenciadores, aconselláronnos sobre que os que lles parecen máis accesible a través de lector de pantalla.

4. Departamento de Conxunto

4.1 Conxunto de corda pulsada

4.1.1 **Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior (2020/2021)**

Será tarefa do profesor realizar un diagnóstico durante as primeiras clases do presente curso, por medio da avaliación inicial, para detectar posibles carencias derivadas da falla de presencialidade durante parte do segundo trimestre do curso 2020-21 e verificar desta maneira se están acadados ou non os obxectivos mínimos esixibles do curso pasado.

4.1.2 **Posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semi-presencial e/ou non presencial. Adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir**

A modalidade lectiva no caso das materias instrumentais será presencial. Durante o desenvolvemento das mesmas realizaranse todas as precaucións hixiénico-sanitarias que as autoridades sanitarias determinen en cada momento. Se a situación sanitaria non o permitise volveríamos facer un seguimento a distancia a través das distintas canles que xa puxemos á disposición do alumnado durante a cuarentena: videochamadas, envío de gravacións, clases on line, etc. Esta modalidade de ensino non nos permitiría desenvolver a materia propiamente xa que os alumnos/as non poderían tocar xuntos, por o que habería que traballar con eles por separado até que a situación permita a volta á clase presencial.

4.1.3 **Plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2020/2021**

Unha vez realizada a avaliación inicial, se consideramos que o alumno/a non acadou os obxectivos do curso anterior, adicaremos as primeiras clases do presente curso académico a dita tarefa. O plan de recuperación será trazado de

xeito personalizado, atendendo ás necesidades de cada alumno/a e desenvolverase durante a súa hora de clase.

4.1.4 Revisión dos obxectivos que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación das programacións

Na programación de Conxunto de Guitarras do centro, dentro do apartado de mínimos esixibles para superar o curso, dictamínase que o seu nivel de cumprimento pode considerarse satisfeito sempre que o alumno/a poida acadar os obxectivos trazados para o curso a través do cumprimento dos contidos e os recursos didácticos propostos. Estes obxectivos e contidos estarían adaptados a cada grupo de conxunto e á situación na que nos atopemos nese momento.

4.1.5 Medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer

O feito de que as clases de Conxunto sexan de só dous alumnos/as facilita o seguimento do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Este apoio será realizado durante a hora de clase, e de maneira personalizada, por medio das actividades que o profesor considere necesarias.

No que atinxe ó alumnado con dificultades derivadas da fenda dixital, o primeiro paso sería polo en coñecemento do centro para que a consellería lles proporcione os recursos necesarios para paliar esta situación. Se esta medida non se realiza podemos pórnos en contacto a través de teléfono móbil ou deixándolles material de traballo na conserxería.

4.2 Conxunto de Piano

4.2.1 Introducción. Marco lexislativo e de referencia

Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022, versión 06/07/2021.

Resolución da Secretaría Xeral de Educación y Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial no curso académico 2021/2022.

Avaliación inicial

Partindo da avaliación inicial con valor diagnóstico e sempre pensando nas necesidades e características individuais do alumnado, o profesorado determinará que aprendizaxes imprescindibles non se adquiriron o curso anterior. Só cando estean garantidas estas aprendizaxes avanzarase nos contidos do curso de referencia. Prestarase especial atención aos/ás alumnos/as que tivesen dificultades para traballar a distancia por medios telemáticos.

O repertorio para piano a catro mans implica unha execución moito máis incómoda e complexa sobre todo polo estorbo de tipo físico entre os integrantes do grupo. Xa que non se pode continuar coas aprendizaxes propias deste repertorio (pola obriga de manter a distancia mínima de seguridade) traballarase o repertorio a catro mans en dous pianos, ademáis do repertorio propio para dous pianos.

4.2.1 Posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semi-presencial e/ou non presencial. Adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir

Actividade lectiva presencial.

No escenario da actividade lectiva presencial a docencia rexirase pola Programación vixente.

Na primeira sesión do curso prestarase unha atención especial a informar ao alumnado sobre todas as medidas específicas de adaptación motivadas polo protocolo do contexto da COVID-19.

Traballarase repertorio a catro mans en dous pianos e repertorio específico para dous piano para manter a distancia mínima de seguridade. O repertorio sempre se escollerá en función do nivel do grupo.

No caso de que falte un membro do grupo, o profesorado poderá traballar co/coa alumno/a o que considere máis conveniente dentro das aprendizaxes imprescindibles.

No suposto caso de que a clase dun grupo só tivese un piano, cada alumno/a gravará a súa parte para enviarlla ao/á seu/súa compañeiro/a e dividirase a clase en dúas medias horas, traballando primeiro cun/cunha alumno/a e despois co/coa outro/a. O/A alumno/a que teña que esperar, estará sentado/a na clase coa distancia de seguridade observando os ensinos-aprendizaxes e aprendendo dos mesmos.

Dentro dos mínimos esixibles e os criterios de cualificación, suprimirase a audición no caso de que o grupo non puidese actuar en público. En canto ao repertorio, este poderase reducir con respecto ao contemplado na programación didáctica da materia.

Todas as actividades desenvolvidas ao longo do curso, tanto a actividade lectiva habitual, como probas específicas, audicións e outras actividades complementarias e/ou extraescolares, respectarán escrupulosamente as medidas de hixiene e seguridade establecidas polo protocolo da COVID-19 e seguindo as recomendacións sanitarias en todo momento.

Actividade lectiva semi-presencial.

A actividade semipresencial adoptarase nas situacións requeridas pola organización académica derivada da COVID-19 ou dictaminadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e/ou as autoridades sanitarias. Esta actividade lectiva é unha combinación das modalidades presencial e non presencial.

Este escenario planificarase con carácter semanal, quincenal ou mensual segundo as necesidades. A semipresencialidade promoverá o uso de metodoloxías e recursos propios da formación telemática e ponteciará as competencias dixitais do alumnado e do profesorado. Utilizaranse os recursos TIC máis apropiados e

dispoñibles ao alcance do alumnado e poderase realizar en directo ou en diferido. Entre os recursos telemáticos, a aula virtual facilitada pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional será a vía principal utilizada.

Ademáis, se as condicións arquitectónicas non permiten a distancia mínima de seguridade, cada alumno/a vendrá semanas alternas e traballará na clase coa grabación do/a seu/súa compañeiro/a.

Actividade lectiva non presencial.

A actividade lectiva non presencial adoptarase nos casos do alumnado que estea en situación de corentena ou dictaminados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e/ou as autoridades sanitarias.

O traballo telemático será desenvolvido cos recursos TIC máis apropiados e dispoñibles ao alcance do alumnado e poderase realizar en directo ou en diferido. A aula virtual facilitada pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional será a vía principal utilizada para a docencia non presencial.

A Programación da asignatura será flexible no referente aos contidos específicos, sen menoscabo de acadar os obxectivos e contidos mínimos. Dentro do posible, se a clase se fai en liña ou en diferido (cos recursos TIC posibles ao alcance do alumnado) manterase o día e a hora acordada ao comezo do curso.

Os/as alumnos/as deberán gravar a súa parte do repertorio e pasaranlla aos/ás seus/súas compañeiros/as, de xeito que poderán practicar escoitando á outra parte.

Se os medios telemáticos non permitisen dar a clase a ambos/as alumnos/as á vez, esta dividirase en dúas medias horas, e traballarase con cada alumno/a por separado. Cada alumno/a deberá contar coa gravación do/a outro/a compañeiro/a.

No caso de que falte un membro do grupo, o profesorado poderán traballar co/coa alumno/a o que considere máis conveniente dentro das aprendizaxes imprescindibles.

Os mínimos esixibles e os criterios de cualificación flexibilízanse e retírase todo

o que ten que ver coa práctica da interpretación en público. En canto ao repertorio, este poderase reducir con respecto ao contemplado na programación didáctica da materia.

4.2.2 Plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2020/2021

Se é o mesmo grupo que o curso anterior, priorizarase a recuperación e consolidación dos obxectivos e contidos traballados no curso pasado.

No caso de cambio de grupo, farase unha avaliación inicial onde o profesorado observará en que aspectos se terá que incidir máis.

4.2.3 Revisión dos obxectivos que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación das programacións

Actividade lectiva presencial.

O alumnado non terá problema en cumprir os obxectivos requiridos excepto:

“Adoptar a actitude necesaria para a interpretación no piano a catro mans tendo en conta as particularidades da execución de dous intérpretes nun mesmo instrumento, tanto na función de primo como de secondo.”

Actividade lectiva non presencial.

Antes de nada, comentar que a materia de Conxunto de piano, neste caso dous pianos, require de dúas persoas tocando xuntas en perfecta sincronía, quasi simbiótica, sendo a comunicación xestual e os ensaios en liña moi difíciles por medios telemáticos. A pesar de todo isto, o alumnado non terá problema en conseguir os obxectivos seguintes:

“Afondar no coñecemento dos estilos e dos recursos interpretativos de cada un deles.”

“Dominar o propio instrumento de acordo coas esixencias de cada obra.”

“Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista.”

“Aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.”

“Aprender a diferenciar diversos estilos de escritura pianística a través da lectura e audición do repertorio para (...) dous pianos (...) e situalos nun contexto histórico máis ou menos preciso.”

“Alcanzar o dominio técnico necesario para a interpretación das obras programadas para o curso.”

4.2.4 Medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer

Realizarase unha enquisa ao alumnado ou no seu caso aos pais para saber de que recursos TIC dispoñen, deste xeito o profesorado saberá as condicións para poder levar a cabo a docencia a distancia.

Haberá unha atención personalizada segundo as necesidades individuais de cada alumno/a, prestando especial atención a aqueles/as que presentan maior dificultade. Se é o caso, buscarase orientación externa co propio centro como mediador.

4.3 Conxunto de Fruta

4.3.1 Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior (2020/2021)

Cada docente levará a cabo unha avaliación inicial de cada alumna/o de cada un dos conxuntos, que permitirá verificar as carencias, puntos débiles ou aprendizaxes non adquiridas por parte de cada unha/un derivadas da situación vivida nos últimos meses. Cada docente tomará nota de cada caso e quedará reflexado

no documento inicial de seguimento de alumnado.

4.3.2 Posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semi-presencial e/ou non presencial. Adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir

Escenario 1: Actividade lectiva presencial

No caso de que sexa posible impartir unha docencia presencial, o punto de partida será similar aos obxectivos e contidos que están recollidos na programación de conxunto vixente, tendo en conta as diferentes situacións derivadas da pandemia en relación á adquisición de coñecementos e coas debidas garantías preventivas en materia de protección da saúde. Estas medidas son as seguintes:

Ventilación das aulas durante a clase e ao final da mesma, deixando un intervalo dunhos dez minutos no que se abrirá tamén a porta da aula.

Mamparas de protección sempre que sexa posible.

Distancia de seguridade de 3 metros entre o docente e o alumnado.

Hixienización constante de mans entre clases para docentes e alumnado.

Revisión constante dos espazos de impartición das clases, especialmente de todas as xanelas das aulas de conxunto, para verificar o seu correcto funcionamento e que non falte a ventilación. Será preciso comprobar de forma constante a presenza en cada aula de xel hidroalcohólico e a súa correcta utilización por parte do alumnado. Se o docente detecta algunha anomalía, se comunicará ao xefe do departamento de conxunto, que pasará o correspondente aviso ao secretario do centro.

Prestar a debida atención aos horarios da clase, para que dé tempo á correcta ventilación entre clase, contando cos tempos de preparación previa e posterior a devandita clase.

Extremar as precaucións en caso de ter que tocar os instrumentos do alumnado, ou nas tarefas de posta a punto dos diferentes materiais necesarios para o correcto desenvolvemento da asignatura.

Aplicar os protocolos de seguridade nas actividades ou audicións que se poidan organizar.

Calquera outra ou outras que a situación requira en función da evolución da pandemia.

Escenario 2: Actividade lectiva semi-presencial

De ser precisa a semi-presencialidade debemos de utilizar os recursos dixitais e telefónicos e telemáticos xa utilizados durante o pasado confinamento, que permitan darlle continuidade ao traballo presencial de aula (coas mesmas medidas de prevención xa comentadas) que se poida levar a cabo.

Escenario 3: Actividade lectiva non presencial.

En caso de confinamento total, o sistema de seguimento será das mesmas características que no período de aillamento anterior, onde os recursos dixitais e telefónicos serán a única forma de contactar cos alumnos. A utilización de aulas virtuais, aplicacións e diversas ferramentas ou programas, resultan fundamentais para o ensino a distancia. Asimesmo, débese garantir unha boa conexión a internet en todas as aulas do conservatorio, a non ser que a teledocencia se imparta dende a casa por parte dos docentes. Estas ferramentas son de gran utilidade, sexa cal sexa a situación, polo que a súa implementación sempre terá aproveitamento e suporá un valioso valor engadido de cara o futuro. En todo caso, a teledocencia, envío de vídeos ou o contacto telefónico, será o sistema xeral a seguir, sen perxuízo da posta en marcha de iniciativas ou estratexias que cada docente do departamento teña a ben implementar.

4.3.3 Plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2020/2021

Os plans de reforzo que sexan precisos serán personalizados, en función das características de cada alumno e cada docente levará a cabo unha estratexia individualizada, deseñando un plan de estudo técnico ou artístico adaptado a cada alumno, e sempre tendo en conta a dificultade que para todos ten esta

situación que nos toca vivir.

4.3.4 Revisión dos obxectivos que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación das programacións

Os obxectivos xeráis seguen sendo os mesmos que figuran na programación de conxunto, así como os contidos a traballar. Os mínimos esixibles deberán ter un certo nivel de tolerancia que permita que cada estudante poida ter a posibilidade de recuperar os contidos perdidos anteriormente e que, sexa cal sexa o contexto, poida adquirir un mínimo dos coñecementos e esixencias da programación.

4.3.5 Medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer

Como xa se comentou, será a avaliación inicial e no documento de seguimento do alumnado onde quedarán reflectidas todas aquelas situacións de alumnos/as que teñan necesidades específicas e precisen apoio educativo. En canto ás dificultades do alumnado derivadas da fenda dixital, realizarase unha enquisa entre o alumnado para poder saber a dispoñibilidade de material informático e de telecomunicacións na súa casa (tipo de ordenadores, tablets, smartphones, smart tv, webcam, impresora, escáner, programas, sistemas operativos, apps...), así como a dispoñibilidade de conexión a internet (adsl, fibra...), e poder saber en que condicións se pode levar a cabo a teledocencia en caso de ensinanza semi-presencial ou en outros supostos de confinamento ou cuarentena.

4.4 Conxunto de Gaita

4.4.1 Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior (2020/2021)

Cada docente levará a cabo unha avaliación inicial de cada alumna/o de cada un dos conxuntos, que permitirá verificar as carencias, puntos débiles ou aprendizaxes non adquiridas por parte de cada unha/un derivadas da situación vivida

nos últimos meses. Cada docente tomará nota de cada caso e quedará reflexado no documento inicial de seguimento de alumnado.

4.4.1 Posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semi-presencial e/ou non presencial. Adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir

Escenario 1: Actividade lectiva presencial

No caso de que sexa posible impartir unha docencia presencial, o punto de partida será similar aos obxectivos e contidos que están recollidos na programación de conxunto vixente, tendo en conta as diferentes situacións derivadas da pandemia en relación á adquisición de coñecementos e coas debidas garantías preventivas en materia de protección da saúde. Estas medidas son as seguintes:

Ventilación das aulas durante a clase e ao final da mesma, deixando un intervalo dunhos dez minutos no que se abrirá tamén a porta da aula.

Mamparas de protección sempre que sexa posible.

Distancia de seguridade de 1.5 metros entre o docente e o alumnado.

Hixienización constante de mans entre clases para docentes e alumnado.

Revisión constante dos espazos de impartición das clases, especialmente de todas as xanelas das aulas de conxunto, para verificar o seu correcto funcionamento e que non falte a ventilación. Será preciso comprobar de forma constante a presenza en cada aula de xel hidroalcohólico e a súa correcta utilización por parte do alumnado. Se o docente detecta algunha anomalía, comunicaráse ao xefe do departamento de conxunto, que pasará o correspondente aviso ao secretario do centro.

Acordar co alumnado un horario de chegada puntual para evitar esperas na entrada da aula.

Extremar as precaucións en caso de ter que tocar os instrumentos do alumnado, ou nas tarefas de posta a punto dos diferentes materiais necesarios para o correcto desenvolvemento da asignatura.

Aplicar os protocolos de seguridade nas actividades ou audicións que se poidan organizar.

Calquera outra ou outras que a situación requira en función da evolución da pandemia.

Escenario 2: Actividade lectiva semi-presencial

De ser precisa a semi-presencialidade debemos de utilizar os recursos dixitáis e telefónicos e telemáticos xa usados durante o pasado confinamento, que permitan darlle continuidade ao traballo presencial de aula (coas mesmas medidas de prevención xa comentadas) que se poida levar a cabo.

Escenario 3: Actividade lectiva non presencial.

En caso de confinamento total, o sistema de seguimento será das mesmas características que no periodo anterior, onde os recursos dixitáis e telefónicos serán a única forma de contactar cos alumnos. A utilización de aulas virtuais, aplicacións e diversas ferramentas ou programas, resultan fundamentais para o ensino a distancia. Asimesmo, débese garantir unha boa conexión a internet en todas as aulas do conservatorio, a non ser que a teledocencia se imparta dende a casa por parte dos docentes.. En todo caso, a teledocencia, envío de vídeos ou o contacto telefónico, será o sistema xeral a seguir, sen perxuízo da posta en marcha de iniciativas ou estratexias que cada docente do departamento teña a ben implementar.

4.4.3 Plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2020/2021

Os plans de reforzo que sexan precisos serán personalizados, en función das características de cada estudante. O docente levará a cabo unha estratexia individualizada, deseñando un plan de estudo técnico ou artístico adaptado a cada alumno, e sempre tendo en conta a dificultade que para todos ten esta situación que nos toca vivir.

4.4.4 Revisión dos obxectivos que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación das programacións

Os obxectivos xerais seguen sendo os mesmos que figuran na programación de conxunto, así como os contidos a traballar. Os mínimos esixibles deberán ter un certo nivel de tolerancia que permita que cada estudante poida ter a posibilidade de recuperar os contidos non acadados anteriormente e que, sexa cal sexa o contexto, poida adquirir un mínimo dos coñecementos e esixencias da programación.

4.4.5 Medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer

Será a avaliación inicial e no documento de seguimento do alumnado onde quedarán reflectidas todas aquelas situacións de alumnos/as que teñan necesidades específicas e precisen apoio educativo. En canto ás dificultades do alumnado derivadas da fenda dixital, realizarase unha enquisa entre o alumnado para poder saber a dispoñibilidade de material informático e de telecomunicacións na súa casa (tipo de ordenadores, tablets, smartphones, smart tv, webcam, impresora, escáner, programas, sistemas operativos, apps...), así como a dispoñibilidade de conexión a internet (adsl, fibra...), e poder saber en que condicións se pode levar a cabo a teledocencia en caso de ensinanza semi-presencial ou en outros supostos de confinamento ou cuarentena.

4.5 Conxunto de Acordeón

4.5.1 Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior (2020/2021)

Cada docente levará a cabo unha avaliación inicial de cada alumna/o de cada un dos conxuntos, que permitirá verificar as carencias, puntos débiles ou aprendizaxes non adquiridas por parte de cada unha/un derivadas da situación vivida

nos últimos meses. Cada docente tomará nota de cada caso e quedará reflexado no documento inicial de seguimento de alumnado.

4.5.2 Posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semi-presencial e/ou non presencial. Adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir

Escenario 1: Actividade lectiva presencial

No caso de que sexa posible impartir unha docencia presencial, o punto de partida será similar aos obxectivos e contidos que están recollidos na programación de conxunto vixente, tendo en conta as diferentes situacións derivadas da pandemia en relación á adquisición de coñecementos e coas debidas garantías preventivas en materia de protección da saúde. Estas medidas son as seguintes:

Ventilación das aulas durante a clase e ao final da mesma, deixando un intervalo dunhos dez minutos no que se abrirá tamén a porta da aula.

Mamparas de protección sempre que sexa posible.

Distancia de seguridade de 1.5 metros entre o docente e o alumnado.

Hixienización constante de mans entre clases para docentes e alumnado.

Revisión constante dos espazos de impartición das clases, especialmente de todas as xanelas das aulas de conxunto, para verificar o seu correcto funcionamento e que non falte a ventilación. Será preciso comprobar de forma constante a presenza en cada aula de xel hidroalcohólico e a súa correcta utilización por parte do alumnado. Se o docente detecta algunha anomalía, comunicaráse ao xefe do departamento de conxunto, que pasará o correspondente aviso ao secretario do centro.

Acordar co alumnado un horario de chegada puntual para evitar esperas na entrada da aula.

Extremar as precaucións en caso de ter que tocar os instrumentos do alumnado, ou nas tarefas de posta a punto dos diferentes materiais necesarios para o correcto desenvolvemento da asignatura.

Aplicar os protocolos de seguridade nas actividades ou audicións que se poidan organizar.

Calquera outra ou outras que a situación requira en función da evolución da pandemia.

Escenario 2: Actividade lectiva semi-presencial

De ser precisa a semi-presencialidade debemos de utilizar os recursos dixitais e telefónicos e telemáticos xa usados durante o pasado confinamento, que permitan darlle continuidade ao traballo presencial de aula (coas mesmas medidas de prevención xa comentadas) que se poida levar a cabo.

Escenario 3: Actividade lectiva non presencial.

En caso de confinamento total, o sistema de seguimento será das mesmas características que no periodo anterior, onde os recursos dixitais e telefónicos serán a única forma de contactar cos alumnos. A utilización de aulas virtuais, aplicacións e diversas ferramentas ou programas, resultan fundamentais para o ensino a distancia. Asimesmo, débese garantir unha boa conexión a internet en todas as aulas do conservatorio, a non ser que a teledocencia se imparta dende a casa por parte dos docentes.. En todo caso, a teledocencia, envío de vídeos ou o contacto telefónico, será o sistema xeral a seguir, sen perxuízo da posta en marcha de iniciativas ou estratexias que cada docente do departamento teña a ben implementar.

4.5.3 Plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2020/2021

Os plans de reforzo que sexan precisos serán personalizados, en función das características de cada estudante. O docente levará a cabo unha estratexia individualizada, deseñando un plan de estudo técnico ou artístico adaptado a cada alumno, e sempre tendo en conta a dificultade que para todos ten esta situación que nos toca vivir.

4.5.4 Revisión dos obxectivos que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación das programacións

Os obxectivos xerais seguen sendo os mesmos que figuran na programación de conxunto, así como os contidos a traballar. Os mínimos esixibles deberán ter un certo nivel de tolerancia que permita que cada estudante poida ter a posibilidade de recuperar os contidos non acadados anteriormente e que, sexa cal sexa o contexto, poida adquirir un mínimo dos coñecementos e esixencias da programación.

4.5.5 Medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer

Será a avaliación inicial e no documento de seguimento do alumnado onde quedarán reflectidas todas aquelas situacións de alumnos/as que teñan necesidades específicas e precisen apoio educativo. En canto ás dificultades do alumnado derivadas da fenda dixital, realizarase unha enquisa entre o alumnado para poder saber a dispoñibilidade de material informático e de telecomunicacións na súa casa (tipo de ordenadores, tablets, smartphones, smart tv, webcam, impresora, escáner, programas, sistemas operativos, apps...), así como a dispoñibilidade de conexión a internet (adsl, fibra...), e poder saber en que condicións se pode levar a cabo a teledocencia en caso de ensinanza semi-presencial ou en outros supostos de confinamento ou cuarentena.

4.6 Conxunto de Corda

4.6.1 Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior (2020/2021)

Cada docente levará a cabo unha avaliación inicial de cada alumna/o de cada un dos conxuntos, que permitirá verificar as carencias, puntos débiles ou aprendizaxes non adquiridas por parte de cada unha/un derivadas da situación vivida

nos últimos meses. Cada docente tomará nota de cada caso e quedará reflectido no caderno do profesor e no documento inicial de seguimento de alumnado.

4.6.2 Posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semi-presencial e/ou non presencial. Adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir

Escenario 1: Actividade lectiva presencial

No caso de que sexa posible impartir unha docencia presencial, cumprírase coas medidas de prevención dos protocolos establecidos polas autoridades educativas e sanitarias.

O punto de partida será similar aos obxectivos e contidos que están recollidos na programación de conxunto vixente, tendo en conta as diferentes situacións derivadas da pandemia en relación á adquisición de coñecementos.

Escenario 2: Actividade lectiva semi-presencial

De ser precisa a semi-presencialidade debemos de utilizar os recursos dixitais e telefónicos e telemáticos xa utilizados durante o pasado confinamento, que permitan darlle continuidade ao traballo presencial de aula (coas mesmas medidas de prevención xa comentadas) que se poida levar a cabo.

Escenario 3: Actividade lectiva non presencial.

En caso de confinamento total ou parcial, o sistema de seguimento será das mesmas características que no período de aillamento anterior, onde os recursos dixitais e telefónicos serán a única forma de contactar cos alumnos. A utilización de aulas virtuais, aplicacións e diversas ferramentas ou programas, resultan fundamentais para o ensino a distancia. Asimesmo, débese garantir unha boa conexión a internet en todas as aulas do conservatorio, a non ser que a teledocencia se imparta dende a casa por parte dos docentes. Estas ferramentas son de gran utilidade, sexa cal sexa a situación, polo que a súa implementación sempre terá aproveitamento e suporá un valioso valor engadido de cara o futuro. En todo caso, a teledocencia, envío de vídeos ou o contacto telefónico, será o sistema

xeral a seguir, sen perxuízo da posta en marcha de iniciativas ou estratexias que cada docente do departamento teña a ben implementar.

4.6.3 Plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2020/2021

Os plans de reforzo que sexan precisos serán personalizados, en función das características de cada alumno e cada docente levará a cabo unha estratexia individualizada, deseñando un plan de estudo técnico ou artístico adaptado a cada alumno, e sempre tendo en conta a dificultade que para todos ten esta situación que nos toca vivir.

4.6.4 Revisión dos obxectivos que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación das programacións

Os obxectivos xeráis seguen sendo os mesmos que figuran na programación de conxunto, así como os contidos a traballar. Os mínimos esixibles deberán ter un certo nivel de flexibilidade que permita que cada estudante poida ter a posibilidade de recuperar os contidos perdidos anteriormente e que, sexa cal sexa o contexto, poida adquirir un mínimo dos coñecementos e esixencias da programación.

4.6.5 Medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer

Como xa se comentou, será a avaliación inicial e no documento de seguimento do alumnado onde quedarán reflectidas todas aquelas situacións de alumnos/as que teñan necesidades específicas e precisen apoio educativo. En canto ás dificultades do alumnado derivadas da fenda dixital, realizarase unha enquisa entre o alumnado para poder saber a dispoñibilidade de material informático e de telecomunicacións na súa casa (tipo de ordenadores, tablets, smartphones, smart tv, webcam, impresora, escáner, programas, sistemas operativos, apps...), así

como a dispoñibilidade de conexión a internet (adsl, fibra...), e poder saber en que condicións se pode levar a cabo a teledocencia en caso de ensinanza semi-presencial ou en outros supostos de confinamento ou cuarentena.

4.7 Conxunto de Percusión

4.7.1 Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior (2002/2021)

De xeito concreto, aquelas aprendizaxes ou obxectivos imprescindibles que non se acadaran no curso ou cursos anteriores aparecerán reflectidas nos informes de avaliación personalizados do alumnado, documento a partir do cal se establecerá un plan de recuperación dos mesmos.

En xeral, a posibilidade de non consecución dos obxectivos determinados para cada curso pode vir definida pola imposibilidade por parte do alumnado de traballar os diferentes contidos establecidos na programación ao non poder acceder a certo instrumental requirido para o desenvolvemento da materia e cun gran peso no currículo, como son os timbais, a multipercusión, o vibráfono e nalgúns casos a marimba.

4.7.2 Posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semi-presencial e/ou non presencial. Adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir

Na presente adaptación contémplanse tres escenarios posibles: presencialidade, semipresencialidade e non presencialidade da docencia.

Naquelas modalidades de docencia con presencialidade, total ou en parte, seguiranse en todo momento o “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022”, co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19 (Versión 01/10/2021).

En todo caso, durante as primeiras clases o profesorado explicará a metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia e asegurarse de que o seu alumnado o comprenda.

Con carácter xeral a docencia será presencial e atenderá aos aspectos reflectidos na programación didáctica, sen precisar de adaptación algunha na metodoloxía. Seguiranse os obxectivos, contidos e criterios de avaliación e cualificación, así como os procedementos e ferramentas a empregar para a mesma.

En caso de que o grupo sexa demasiado grande para a aula e non se poidan respectar a distancia de seguridade establecida no protocolo vixente para previr o risco de contaxio, o docente poderá establecer quendas entre os membros do grupo atendendo aos criterios didácticos e pedagóxicos que estime oportuno.

Por outra banda, para aqueles casos nos que non sexa posible a total presencialidade do alumnado por motivos sanitarios, a actividade lectiva poderá levarse a cabo de xeito semipresencial – combinando clases presenciais e non presenciais –, ou de xeito non presencial debido á suspensión total das clases, facendo uso dos recursos humanos e materiais dispoñibles.

En calquera caso fomentarase un ensino a distancia semanal no que o alumnado debe participar acorde aos horarios e tempos lectivos establecidos.

En ambas modalidades a distancia o profesorado empregará a canle ou canles de comunicación que mellor se adapten á situación concreta atendendo aos recursos materiais dos que dispoña tanto alumnado como docentes.

Como norma xeral a docencia a distancia realizarase por medio de gravacións de audio das partes que cada discente realizará do repertorio establecido e que serán compartidas entre os membros do grupo como axuda para o seu estudo persoal, seguindo as indicacións establecidas ao respecto polo docente, que velará pola calidade das mesmas.

Esta práctica tamén se levará a cabo para os casos de alumnado confinado, posto que deberá enviar a súa gravación para que o resto dos membros do grupo traballen con ela durante a clase.

En todo momento o profesorado prestará especial atención a identificar a aquel alumnado que presente dificultades de calquera tipo co obxectivo de minimizalas á maior brevidade.

Atendendo á metodoloxía posta en práctica, o procedemento de avaliación a empregar será a revisión das tarefas encomendadas, e os instrumentos de avaliación serán os indicados na programación didáctica (diario do profesor, probas específicas de avaliación, rúbricas, etc.).

Igualmente que no caso da ensinanza presencial, a avaliación será continua e formativa e respectaranse os criterios de cualificación indicados na programación didáctica, tendo en conta que, no caso do tanto por cento do peso da nota pertencente á audición pública, o profesorado poderá realizar unha proba específica e asignarllou ou pasar esta porcentaxe ao traballo diario ou de aula.

Para dita proba específica empregarase para a cualificación a ficha de ponderación dos diferentes aspectos a avaliar durante a interpretación (Folla de calibración) presente na programación didáctica.

No caso de que os alumnos non dispoñan dos instrumentos que se requiren na programación didáctica, o profesorado poderá realizar cambios nos contidos durante o período no que o alumnado non teña acceso a ese instrumental, engadindo outros de ampliación e/ou reforzo naqueles dispoñibles, ou variando o repertorio establecido atendendo á dispoñibilidade instrumental, para unha vez normalizada a situación proceder á súa recuperación.

Por outra banda, aquel alumnado para o cal non se dispoña de suficientes datos obxectivos para a súa avaliación e cualificación en calquera dos trimestres, poderá ser convocado para a realización dunha proba a través da canle ou canles que o profesorado empregue na súa comunicación.

4.7.3 Plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2020/2021

Atendendo ao informe de avaliación individualizado, e tras unha avaliación diagnóstica, o profesorado estudará cada caso e informará a cada discente ou ao seu titor ou titora do plan de reforzo a levar a cabo, deixándoo recollido no seu caderno do docente.

Terase en conta o reforzo dos contidos naqueles instrumentos nos que non houbo continuidade ao longo do curso ou cursos anteriores por mor da imposibilidade ao seu acceso e o profesorado poderá, se o estima oportuno, reducir os doutros instrumentos que si puideron ser traballados en favor daqueles.

Neste suposto, no momento en que o profesorado considere que se acadaron as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso pasado, volverase ao establecido na programación didáctica, velando porque se cumplan os mínimos esixibles do curso presente.

4.7.4 Revisión dos obxectivos que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación das programacións

A través da adaptación da programación didáctica tendo en conta as diversas casuísticas posibles esperamos que se cumplan a totalidade dos obxectivos establecidos a excepción dos que fagan referencia á interpretación en público e ás interaccións co resto dos compañeiros, e os contidos e criterios de avaliación relacionados cos mesmos por tratarse dun ensino a distancia.

A progresión do alumnado recollerase no caderno do profesorado, ferramenta que indicará, ademáis, o plan de reforzo ou recuperación das aprendizaxes non adquiridas noutros cursos de cada discente.

4.7.5 Medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento

doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer

En canto ás medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que non teñan relación con dificultades derivadas da fenda dixital, aplicaranse as establecidas na programación didáctica empregando a canle ou canles de comunicación que se estea a empregar co alumnado.

Para aquel alumnado que teña problemas para acceder ao instrumental requirido ou dificultades para a realización e envío das gravacións, o profesorado estudará individualmente o caso para propoñer as medidas pertinentes que estén ao seu alcance e que poidan resultar eficaces para a mellora do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

De non poder levarse a cabo unha atención axeitada do alumnado de xeito continuado por calquera circunstancia, e despois de intentar por diversos medios poñerse en contacto con eles e/ou os seus titores de xeito infructuoso, o docente procederá a informar á xefatura de estudos para que se tomen as medidas oportunas.

4.8 Conxunto de Fagot

4.8.1 Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior (2020/2021)

As aprendizaxes imprescindibles de cada materia están recollidas nos mínimos esixibles que constan nas programacións didácticas e determinan os obxectivos e contidos mínimos a superar polo alumnado.

Na primeira sesión de clase realizarase a avaliación inicial do alumnado que xunto aos informes individualizados de avaliación do curso anterior permitirá determinar as aprendizaxes non adquiridas no curso anterior e adecuar as estratexias didácticas que fosen precisas.

4.8.2 Posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semi-presencial e/ou non presencial.

Adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir

A docencia, en calquera das súas modalidades, estará rexida polas instrucións do 31 de xullo de 2020, da dirección xeral de educación, formación profesional e innovación educativa para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2020-2021 xunto a o establecido no protocolo de adaptación ao contexto da COVID 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021.

A experiencia do último trimestre do curso pasado pon de manifesto a necesidade de integrar a utilización das ferramentas que ofrecen as TIC's no traballo diario da aula para poder minorar o impacto do COVID-19 no curso 2020/2021. Neste sentido, debido a que as novas medidas sanitarias publicadas provocarán unha merma do tempo dispoñible de docencia para cada sesión lectiva presencial, o alumnado, a requerimento do profesor, terá que completar a súa participación mediante a realización de diferentes tarefas, como a elaboración de audios, videos o recensións sobre temáticas relacionadas coa materia e o curso no que se atope o alumnado.

No caso dun escenario de docencia semi-presencial, derivado dunha cuarentena de parte do alumnado, do profesor ou diferentes situacións que puideran surxir, a actividade de clase que non fose presencial realizaríase de xeito telemático mediante videoconferencia e/o aula virtual, preferentemente, nas plataformas habilitadas pola Consellería de Educación e no horario de clase. Se a docencia telemática tivera que realizarse polo profesor dende o Conservatorio esta terá que adaptarse ás posibilidades materiais e técnicas que estean a disposición do docente no centro en cada momento. Do mesmo xeito que na actividade presencial, o alumnado a requerimento do profesor, completará a súa participación coa realización de diferentes tarefas, como poden ser a elaboración de audios, videos o recensións sobre temáticas relacionadas coa materia e o curso no que se atope o alumnado. Se a semi-presencialidade coincidira cunha proba técnica ou audición, o alumno terá que enviar gravacións de video co contido requerido para as convocatorias citadas e no caso da audición, co acompañamento, se este

estivera dispoñible.

No caso no que a docencia pase a ser completamente non presencial, a actividade de clase pasaría a realizarse completamente de xeito telemático mediante videoconferencia e/o aula virtual, preferentemente, nas plataformas habilitadas pola Consellería de Educación e no horario de clase. Do mesmo xeito que o exposto anteriormente, o alumnado, a requerimento do profesor, completará a súa participación coa realización de diferentes tarefas, como poden ser a elaboración de audios, videos ou rescensións sobre temáticas relacionadas coa materia e o curso no que se atope matriculado.

Para aqueles casos nos que non sexa posible a presencialidade debido a suspensión parcial ou total das clases, os porcentaxes dos criterios de cualificación referidos as probas e/ou audicións mudarán polos audios ou videos que solicite o profesorado dos recursos traballados no curso. Se o rexistro de audio/video non reúne a calidade necesaria para ser avaliado terase en conta o establecido na programación no apartado dos criterios da avaliación.

As ferramentas necesarias para poder desenvolver a docencia nas modalidades semi-presencial e non-presencial no centro serán unha computadora na aula, conexión a internet e un microfono, que permita realizar videochamadas e acceder á aula virtual.

4.8.3 Plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2020/2021

Despois da valoración da avaliación inicial o profesor elaborará un plan personalizado de reforzo e recuperación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2019/2020 para os alumnos/as que o precisen, onde se detallarán as actividades e materiais didácticos a empregar, e que terá que ser adxuntado no libro do profesor e facer constar no seguimento da programación do departamento.

4.8.4 Revisión dos obxectivos que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación das programacións

Debido ás características da ensinanza musical e ás limitacións que surxen no exercicio da docencia na modalidade non presencial, algúns dos obxectivos propostos na programación poderán modificarse de xeito excepcional para adaptarse ás diversas circunstancias que poidan acaecer. A adaptación dos obxectivos da programación recollida no plan de reforzo detallará a súa posible modificación e constará no caderno do profesorado. No contexto da ensinanza non presencial é previsible o cumprimento de tódolos obxectivos agás os que fan referencia á interpretación pública e interacción co resto da comunidade educativa.

4.8.5 Medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer

O alumnado que teña dificultades no seguimento das actividades programadas, tanto na actividade lectiva presencial como non presencial, debido á falta de medios derivados da fenda dixital, terá un tratamento prioritario. A detección destas necesidades será un dos puntos fundamentais da avaliación inicial. Como primeira medida intentarase facilitar a entrega de tarefas susceptibles da utilización de ferramentas do eido dixital, mediante a flexibilización das datas de presentación, e a adaptación do horario das actividades sincrónicas en liña que se programasen, como videochamadas, chats ou probas de diferente formato. No caso de non ser posible a comunicación telemática ou que os rexistros de audio/video non ofrezan a calidade suficiente para ser avaliados buscaríanse alternativas, como entregas de tarefas en formato físico e/ou aprazamentos de probas/audicións, sempre que o calendario escolar e a situación sanitaria o permita; de non ser posible trasladarase o seu caso á xefatura de estudos para buscar a solución máis axeitada.

4.9 Conxunto de Óboe

4.9.1 Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior (2020/2021)

As aprendizaxes imprescindibles desta materia están recollidas nos mínimos esixibles reflectidos na programación didáctica.

Nas primeiras sesións de clase realizarase unha avaliación inicial de cada alumna/o que permitirá verificar as carencias, puntos débiles ou aprendizaxes non adquiridas por parte de cada unha/un derivadas da situación vivida nos últimos meses. Cada docente tomará nota de cada caso e quedará reflectido no documento inicial de seguimento de alumnado.

4.9.2 Posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semi-presencial e/ou non presencial. Adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir

Escenario 1: Actividade lectiva presencial.

A actividade lectiva presencial será o procedemento de traballo prioritario e debe cumprir cas medidas de prevención dos protocolos de adaptación ao contexto da covid -19 das consellerías de educación, universidade e formación profesional e a de sanidade. O punto de partida será asimilar aos obxectivos e contidos que están recollidos na programación de conxunto vixente, tendo en conta as diferentes situacións derivadas da pandemia en relación á adquisición de coñecementos.

As medidas que se levarán á cabo son as seguintes:

Ventilación da aula durante a clase e ao final da mesma, deixando un intervalo de quince minutos minutos no que se abrirá tamén a porta.

Mamparas de protección sempre que sexa posible que deberán ser correctamente desinfectadas despois de cada sesión.

Distancia mínima de seguridade de 2 metros entre os instrumentistas de vento e tamén co docente.

Hixienización constante de mans entre clases para docentes e alumnado.

Revisión constante dos espazos de impartición das clases, especialmente de todas as xanelas das aulas de conxunto, para verificar o seu correcto funcionamento e que non falte a ventilación.

Revisión constante de xel hidroalcohólico e a súa correcta utilización por parte do alumnado. Se o docente detecta algunha anomalía comunicaráselle ao xefe do departamento de conxunto, que pasará o correspondente aviso ao secretario do centro.

Prestar a debida atención aos horarios da clase, para que de tempo a unha correcta ventilación entre clases contando cos tempos de preparación previa e posterior á devandita clase.

Extremar as precaucións en caso de ter que manipular os instrumentos do alumnado, ou nas tarefas de posta a punto dos diferentes materiais axeitados para o desenrolo da materia.

-Aplicar a desinfección dos materiais das lingüetas dobres no caso de necesidade de manipulación destas por parte do docente.

Aplicar os protocolos de seguridade nas actividades ou audicións que se poidan organizar.

Calquera outra ou outras que a situación requira en función da evolución da pandemia.

No caso de non poder realizar de forma presencial as probas e/audicións dalgún trimestre debido ás medidas do contexto covid-19, estas poderán ser substituídas por gravacións de audio e/ou video. Recoméndase que sexan gravacións ca parte acompañante.

Escenario 2: Actividade lectiva semipresencial.

Cando o espazo da aula e o número de alumnado e profesorado non permita manter a distancia mínima de seguridade, o profesorado poderá desdobrar o grupo en grupos máis pequenos acordando unha quenda para a asistencia á

clase. Nestes casos poderase solicitar gravacións de audio e/ou video e traballos escritos cos que valorar o traballo de aula, a actitude e o comportamento, e a audición trimestral.

O procedemento de avaliación tamén terá en conta o traballo de aula e a actitude e comportamento a través de aulas virtuais, clases online, gravacións de audio e/ou video e os traballos solicitados. As probas e/ou audicións trimestrais non presenciais debido ás medidas do contexto covid-19 poderán ser substituídas por gravacións de audio e/ou video. Recoméndase que sexan gravacións ca parte acompañante.

Escenario 3: Actividade lectiva non presencial.

En caso de confinamento total, o sistema de seguimento será das mesmas características que no período de illamento anterior, onde os recursos dixitais e telefónicos serán o único xeito de contactar cos alumnos. A utilización de aulas virtuais, aplicacións e diversas ferramentas ou programas, resultan fundamentais para o ensino a distancia. Do mesmo xeito débese garantir unha boa conexión a internet en todas as aulas do conservatorio, a non ser que a teledocencia se imparta dende a casa por parte dos docentes. Estas ferramentas son de gran utilidade, sexa cal sexa a situación, polo que a súa implementación sempre terá aproveitamento e suporá un valioso valor engadido de cara ao futuro. En todo caso, a teledocencia, envío de vídeos ou o contacto telefónico, será o sistema xeral a seguir, sen perxuízo da posta en marcha de iniciativas ou estratexias que cada docente do departamento teña a ben implementar.

Na primeira clase realizarase unha avaliación diagnóstica ao alumnado para determinar as canles dispoñibles e máis axeitadas para realizar este tipo de actividade lectiva.

Fomentarase un ensino á distancia semanal acorde aos horarios e tempos lectivos establecidos.

Empregarase como procedemento de avaliación a observación directa do alum-

nado recollida no caderno do profesorado valorando o traballo de aula que consistirá no traballo semanal, a actitude e o comportamento e as probas e/ou audi-
cións trimestrais a través das canles establecidas. Poderán incluír aulas virtuais,
clases online, traballos escritos e gravacións de audio e/ou vídeo. Recoméndase
que sexan gravacións ca parte acompañante.

4.9.3 Plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2020/2021

Os plans de reforzo que sexan precisos serán personalizados, en función das características de cada alumno e cada docente levará a cabo unha estratexia individualizada, deseñando un plan de estudo técnico ou artístico adaptado a cada alumno, e sempre tendo en conta a dificultade que para todos ten esta situación que nos toca vivir.

4.9.4 Revisión dos obxectivos que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación das programacións

Os obxectivos xerais seguen sendo os mesmos que figuran na programación de conxunto, así como os contidos a traballar. Os mínimos esixibles deberán ter un certo nivel de tolerancia que permita que cada estudante poida ter a posibilidade de recuperar os contidos perdidos anteriormente e que, sexa cal sexa o contexto, poida adquirir un mínimo dos coñecementos e esixencias da programación.

4.9.5 Medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer

Como xa se comentou, será a avaliación inicial e no documento de seguimento do alumnado onde quedarán reflectidas todas aquelas situacións de alumnos/as que teñan necesidades específicas e precisen apoio educativo. En canto ás dificultades do alumnado derivadas da fenda dixital, realizarase unha enquisa entre

o alumnado para poder saber a dispoñibilidade de material informático e de telecomunicacións na súa casa (tipo de ordenadores, tablets, smartphones, smart tv, webcam, impresora, escáner, programas, sistemas operativos, apps...), así como a dispoñibilidade de conexión a internet (adsl, fibra...), e poder saber en que condicións se pode levar a cabo a teledocencia en caso de ensinanza semi-presencial ou en outros supostos de confinamento ou cuarentena.

4.10 Conxunto de Saxofón

4.10.1 Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior (2020/2021)

As aprendizaxes imprescindibles de cada curso están recollidas nos mínimos esixibles reflectidos das respectivas programacións didácticas.

Na primeira clase realizarase unha avaliación diagnóstica do alumnado que permita determinar estas aprendizaxes non adquiridas, as cales deben quedar reflectidas no caderno do profesorado.

4.10.2 Posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semi-presencial e/ou non presencial. Adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir

Actividade lectiva presencial.

A actividade lectiva presencial será o procedemento de traballo prioritario e deberá cumprir coas medidas de prevención fixadas no centro e nos protocolos de adaptación ao contexto da covid-19.

O uso da máscara é obrigatorio. O alumnado e o profesorado de instrumentos de vento só quitarán a máscara no momento do uso do instrumento, recoméndase o uso doutros elementos como pantallas ou separación.

Nas clases de instrumentos de vento madeira debe manterse unha distancia de seguridade interpersonal de polo menos 3 metros.

Utilizaranse recipientes con area, papeleiras ou calquera outra opción que permita retirar a auga condensada nos instrumentos.

Entre as clases deberase ventilar a aula 15 minutos abrindo a porta e a xanela.

Nos cambios de clase o profesorado e o alumnado entrante deberá desinfectar a cadeira, a mesa, o atril e calquera outro material de uso non individual. Así mesmo é obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das aulas.

No caso de non poder realizar de forma presencial as probas e/ou audicións de algún trimestre debido as medidas do contexto covid-19, estas poderán ser substituídas por gravacións de audio e/ou vídeo.

Actividade lectiva semipresencial

Cando o espazo da aula e o número de alumnado e profesorado non permita manter a distancia de seguridade interpersoal, o profesorado poderá desdobrar o grupo en grupos máis pequenos establecendo unha quenda para a asistencia á clase. Nestes casos poderase solicitar gravacións de audio e/ou vídeo e traballos escritos cos que valorar o traballo de aula, a actitude e o comportamento, e a audición trimestral.

O procedemento de avaliación tamén terá en conta o traballo de aula e a actitude e comportamento a través de aulas virtuais, clases online, gravacións de audio e/ou vídeo e os traballos escritos solicitados. As probas e/ou audicións trimestrais non presenciais debido as medidas do contexto covid-19 poderán ser substituídas por gravacións de audio e/ou vídeo.

Actividade lectiva non presencial

Cando o alumnado non poida asistir con regularidade ás clases debido o contexto covid-19 poderase utilizar a actividade lectiva non presencial.

A actividade lectiva de ensino a distancia poderase levar a cabo a través de vídeo-chamadas, gravacións de audio e/ou vídeo, traballos escritos, aulas virtuais e correo electrónico (o alumnado e as familias deben asegurarse que os datos aportados ao Centro son os correctos). Estes serán utilizados dependendo dos recursos informáticos, de gravación e de internet que o Centro teña a disposición

do profesorado, así como os propios do profesorado e do alumnado. Na primeira clase realizarase unha avaliación diagnóstica ao alumnado para determinar as canles dispoñibles e máis axeitadas para realizar este tipo de actividade lectiva. Fomentarase un ensino a distancia semanal acorde aos horarios e tempos lectivos establecidos.

Empregarase como procedemento de avaliación a observación directa do alumnado recollida no caderno do profesorado valorando o traballo de aula que consistirá no traballo semanal, a actitude e o comportamento e as probas e/ou audiencias trimestrais a través das canles establecidas, poderán incluír aulas virtuais, clases online, traballos escritos e gravacións de audio e/ou vídeo.

4.10.3 Plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2020/2021

A principio de curso e partindo da avaliación diagnóstica, o profesorado establecerá os plans de reforzo e recuperación ao alumnado con aprendizaxes imprescindibles non adquiridas, o cal quedará reflectido no caderno do profesor e no seguimento da programación.

4.10.4 Revisión dos obxectivos que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación das programacións

Os obxectivos que se poderán lograr como consecuencia da adaptación das programacións son as propias da programacións didácticas, nas cales figuran os mínimos esixibles que deberán acadarse en todo caso.

Para a revisión da adaptación da programación e os seus logros, as actividades lectivas e a súa avaliación quedarán reflectidas no caderno do profesorado e no seguimento do alumnado.

4.10.5 Medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas

da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer

As medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo están recollidas no apartado de atención a diversidade das programacións didácticas.

O alumnado afectado pola fenda dixital realizará o súa tarefa por medio de traballos, envío de audios e/ou vídeos e de non ser posible trasladarase o seu caso a xefatura de estudos.

4.11 Conxunto de Vento metal (Trompa, trompeta, trombón e Tuba)

4.11.1 Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior (2020/2021)

As aprendizaxes imprescindibles de cada curso están recollidas nos mínimos esixibles reflectidos das respectivas programacións didácticas.

Na primeira clase realizarase unha avaliación diagnóstica do alumnado que permita determinar estas aprendizaxes non adquiridas, as cales deben quedar reflexadas no caderno do profesorado.

4.11.2 Posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semi-presencial e/ou non presencial. Adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir

Actividade lectiva presencial.

A actividade lectiva presencial debe cumprir as medidas de prevención dos protocolos de adaptación ao contexto da covid-19 das consellerías de educación, universidade e formación profesional e a de sanidade. Apartado dezoito da resolución do 25 de xuño de 2020, do consello da xunta de Galicia e instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de

saúde pública (DOG 174 bis do 28-08-2020) e protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto covid-19. Versión 31-08-2020.

O uso da máscara é obrigatorio. O alumnado e o profesorado de instrumentos de vento só quitarán a máscara no momento do uso do instrumento, recoméndase o uso doutros elementos como pantallas ou anteparos de separación.

Nas clases de instrumentos de vento metal debe manterse unha distancia de seguridade interpersoal de polo menos 3 metros.

Utilizaranse recipientes con area, papeleiras ou calquera outra opción que permita retirar a auga condensada nos instrumentos.

Entre as clases deberase ventilar a aula 15 minutos abrindo a porta e a xanela.

Nos cambios de clase o profesorado e o alumnado entrante deberá desinfectar a cadeira, a mesa, o atril e calquer outro material de uso non individual. Así mesmo é obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das aulas.

No caso de non poder realizar de forma presencial as probas e/ou audicións de dalgún trimestre debido as medidas do contexto covid-19, estas poderán ser substituídas por gravacións de audio e/ou vídeo. Recoméndase que sexan gravacións ca parte acompañante.

Actividade lectiva semipresencial

Cando o espazo da aula e o número de alumnado e profesorado non permita manter a distancia de seguridade interpersoal, o profesorado poderá desdobrar o grupo en grupos máis pequenos establecendo unha quenda para asistencia á clase. Nestes casos poderase solicitar gravacións de audio e/ou vídeo e traballos escritos cos que valorar o traballo de aula, a actitude e o comportamento, e a audición trimestral.

O procedemento de avaliación tamén terá en conta o traballo de aula e a actitude e comportamento a través de aulas virtuais, clases online, gravacións de audio e/ou vídeo e os traballos escritos solicitados. As probas e/ou audicións trimestrais non presenciais debido as medidas do contexto covid-19 poderán ser substituídas por gravacións de audio e/ou vídeo. Recoméndase que sexan gravacións

ca parte acompañante.

Actividade lectiva non presencial

Cando o alumnado non poida asistir con regularidade ás clases debido o contexto covid-19 poderase utilizar a actividade lectiva non presencial.

A actividade lectiva de ensino a distancia poderase levar a cabo a través de vídeo-chamadas, gravacións de audio e/ou vídeo, traballos escritos, aulas virtuais e correo electrónico (o alumnado e as familias deben asegurarse que os datos aportados ao Centro son os correctos). Estes serán utilizados dependendo dos recursos informáticos, de gravación e de internet que o Centro teña a disposición do profesorado, así como os propios do profesorado e do alumnado. Na primeira clase realizarase unha avaliación diagnóstica ao alumnado para determinar as canles dispoñibles e máis axeitadas para realizar este tipo de actividade lectiva.

Fomentarase un ensino a distancia semanal acorde aos horarios e tempos lectivos establecidos.

Empregarase como procedemento de avaliación a observación directa do alumnado recollida no caderno do profesorado valorando o traballo de aula que consistirá no traballo semanal, a actitude e o comportamento e as probas e/ou audicións trimestrais a través das canles establecidas, os cales poderán incluír aulas virtuais, clases online, traballos escritos e gravacións de audio e/ou vídeo. Recomendase que sexan gravacións ca parte acompañante.

4.11.3 Plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2020/202

A principio de curso e partindo da avaliación diagnóstica, o profesorado establecerá os plans de reforzo e recuperación ó alumnado con aprendizaxes imprescindibles non adquiridas, o cal quedará reflexado no caderno do profesor e no seguimento da programación.

4.11.4 Revisión dos obxectivos que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación das programacións

Os obxectivos que se poderán lograr como consecuencia da adaptación das programacións son as propias da programacións didácticas, nas cales figuran os mínimos esixibles que deberán acadarse en todo caso.

Para a revisión da adaptación da programación e os seus logros, as actividades lectivas e a súa avaliación quedarán reflexadas no caderno do profesorado e no seguimento do alumnado.

4.11.5 Medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer

As medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo están recollidas no apartado de atención a diversidade das programacións didácticas.

Medidas de atención ao alumnado con dificultades derivadas da fenda dixital:

Comunicación cas familias dende o correo electrónico oficial ou postal (o alumnado e as familias deben asegurarse que os datos aportados ao Centro son os correctos).

Titorías co alumnado e/ou familias vía telefónica ou a través de vídeo chamadas.

Envío e recepción de gravacións de audio e/ou vídeo entre profesorado e alumnado.

Envío de traballos escritos empregando as vías de comunicación dispoñibles.

4.12 Música de Cámara

4.12.1 Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior (2020/2021)

As aprendizaxes imprescindibles de cada curso están recollidas nos mínimos esixibles reflectidos das respectivas programacións didácticas.

Na primeira clase realizarase unha avaliación diagnóstica do alumnado que permita determinar estas aprendizaxes non adquiridas, as cales deben quedar reflectidas no caderno do profesorado.

4.12.2 Posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semi-presencial e/ou non presencial. Adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir

Actividade lectiva presencial.

A actividade lectiva presencial debe cumprir cas medidas de prevención dos protocolos de adaptación ao contexto da covid-19 das consellerías de educación, universidade e formación profesional e a de sanidade. Apartado dezoito da resolución do 25 de xuño de 2020, do consello da Xunta de Galicia e instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública (DOG 174 bis do 28-08-2020) e protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto covid-19. Versión 31-08-2020.

uso da máscara e obrigatorio. O alumnado e o profesorado de instrumentos de vento só quitarán a máscara no momento do uso do instrumento, recomendase o uso doutros elementos como pantallas ou anteparos de separación.

Nas clases nas que se utilicen instrumentos tecla, corda e percusión débese manter unha distancia de seguridade interpersoal de polo menos 1,5 metros e nas que se utilicen instrumentos de vento madeira ou vento metal de polo menos 3 metros.

Utilizaranse recipientes con área, papeleiras ou calquera outra opción que permita retirar a auga condensada nos instrumentos.

Entre as clases deberase ventilar a aula 15 minutos abrindo a porta e a xanela.

Nos cambios de clase o profesorado e o alumnado entrante deberá desinfectar a cadeira, a mesa, o atril e calquer outro material de uso non individual. Así mesmo é obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das aulas.

No caso de non poder realizarse as probas e/ou audicións do fin dalgún trimestre

presencial debido as medidas do contexto covid-19, estas poderán ser substituídas por gravacións de audio e/ou vídeo. Recomendase que sexan gravacións ca parte acompañante.

Actividade lectiva semipresencial

Cando o espazo da aula e o número de alumnado e profesorado non permita manter a distancia de seguridade interpersoal, o profesorado poderá desdobrar o grupo en grupos máis pequenos establecendo unha quenda para asistencia a clase. Nestes casos poderase solicitar gravacións de audio e/ou vídeo e traballos escritos cos que valorar o traballo de aula, a actitude e o comportamento, e a audición trimestral.

O procedemento de avaliación tamén terá en conta o traballo de aula e a actitude e comportamento a través de aulas virtuais, clases online, gravacións de audio e/ou vídeo e os traballos escritos solicitados. As probas e/ou audicións trimestrais non presenciais debido as medidas do contexto covid-19 poderán ser substituídas por gravacións de audio e/ou vídeo. Recomendase que sexan gravacións ca parte acompañante.

Actividade lectiva non presencial

Cando o alumnado non poida asistir con regularidade ás clases debido ao contexto covid-19 poderase utilizar a actividade lectiva non presencial.

A actividade lectiva de ensino a distancia poderase levar a cabo a través de video chamadas, gravacións de audio e/ou vídeo, aulas virtuais e correo electrónico (o alumnado e as familias deben asegurarse que os datos aportados ao Centro son os correctos). Estes serán utilizados dependendo dos recursos informáticos, de gravación e de internet que o Centro teña a disposición do profesorado, así como os propios do profesorado e do alumnado. Na primeira clase realizarase unha avaliación diagnóstica ao alumnado para determinar as canles disponibles e máis axeitadas para realizar este tipo de actividade lectiva.

Fomentarase un ensino a distancia semanal acorde aos horarios e tempos lectivos establecidos.

Empregarase como procedemento de avaliación a observación directa do alumnado recollida no caderno do profesorado valorando o traballo diario ou de aula que consistirá no traballo semanal, a actitude e o comportamento e as audicións trimestrais a través das canles establecidas, as cales poderán incluír aulas virtuais, clases online, traballos escritos e gravacións de audio/video. Recoméndase que sexan gravacións ca parte acompañante.

4.12.3 Plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2020/2021

A principio de curso e partindo da avaliación diagnóstica, o profesorado establecerá os plans de reforzo e recuperación ao alumnado con aprendizaxes imprescindibles non adquiridas, o cal quedará reflexado no caderno do profesor e no seguimento da programación.

4.12.4 Revisión dos obxectivos que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación das programacións

Os obxectivos que se poderán lograr como consecuencia da adaptación das programacións son as propias da programacións didácticas, nas cales figuran os mínimos esixibles que deberán acadarse en todo caso.

Para a revisión da adaptación da programación e os seus logros, as actividades lectivas e a súa avaliación quedarán reflectidas no caderno do profesorado e no seguimento do alumnado.

4.12.5 Medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer

As medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo están recollidas no apartado de atención a diversidade das programacións didácticas.

Medidas de atención ao alumnado con dificultades derivadas da fenda dixital:

Comunicación cas familias dende o correo electrónico oficial ou postal (o alumnado e as familias deben asegurarse que os datos aportados ao Centro son os correctos).

Titorías co alumnado e/ou familias vía telefónica ou a través de vídeo chamadas.

Envío e recepción de gravacións de audio e/ou vídeo entre profesorado e alumnado.

Envío de traballos escritos empregando as vías de comunicación dipoñibles.

4.13 Banda

4.13.1 Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior (2020/2021)

As aprendizaxes imprescindibles de cada curso estan recollidas nos mínimos esixibles reflectidos das respectivas programacións didácticas.

Na primeira clase realizarase unha avaliación diagnóstica do alumnado que permita determinar estas aprendizaxes non adquiridas, as cales deben quedar reflectidas no caderno do profesorado.

4.13.2 Posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semi-presencial e/ou non presencial. Adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir

Actividade lectiva presencial.

A actividade lectiva presencial debe cumprir cas medidas de prevención dos protocolos de adaptación ao contexto da covid-19 das consellerías de educación, universidade e formación profesional e a de sanidade. Apartado dezoito da resolución do 25 de xuño de 2020, do consello da Xunta de Galicia e instrucións polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública (DOG 174 bis do 28-08-2020) e protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto covid-19. Versión 31-08-2020.

O uso da máscara é obrigatorio. O alumnado e o profesorado só quitarán a máscara no momento do uso do instrumento, recomendase o uso doutros elementos como pantallas ou anteparos de separación.

Nas clases de con instrumentos de vento debe manterse unha distancia de seguridade interpersoal de polo menos 3 metros.

Utilizaranse recipientes con area, papeleiras ou calquera outra opción que permita retirar a auga condensada nos instrumentos.

Entre as clases deberase ventilar a aula 15 minutos abrindo a porta e a xanela.

Nos cambios de clase o profesorado e o alumnado entrante deberá desinfectar a cadeira, a mesa, o atril e calquer outro material de uso non individual. Así mesmo é obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das aulas.

No caso de non poder realizar de forma presencial as probas e/ou audicións de dalgún trimestre debido as medidas do contexto covid-19, estas poderán ser substituídas por gravacións de audio e/ou vídeo. Recomendase que sexan gravacións ca parte acompañante.

Actividade lectiva semipresencial

Cando o espazo da aula e o número de alumnado e profesorado non permita manter a distancia de seguridade interpersoal, o profesorado poderá desdobrar o grupo en grupos máis pequenos establecendo unha quenda para asistencia á clase. Nestes casos poderase utilizar gravacións de audio e/ou vídeo, traballos escritos, aulas virtuais e o correo electrónico, que se sumarán as ferramentas de avaliación das programacións. Os criterios de cualificación se amplían da seguinte forma:

Asistencia puntual a clase (30%). Traballo escrito ou proba teórica sobre o repertorio ou contidos traballados na clase (obras, compositores, estética, estilo musical, etc.)

Actitude activa no ensaio (10%). Puntualidade á hora de entregar os traballos escritos ou gravacións solicitadas.

Estudo das partituras (40%). Valoración de gravacións de audio e/ou vídeo de partituras individuais do repertorio programado.

Participación correcta nos concertos (20%). Valoración de gravacións de audio e/ou vídeo da parte individual interpretada sobre unha audición da obra completa, sempre que se dispoña dos recursos necesarios.

Actividade lectiva non presencial

Cando o alumnado non poida asistir con regularidade ás clases debido ao contexto covid-19 poderase utilizar a actividade lectiva non presencial.

A actividade lectiva de ensino a distancia poderase levar a cabo a través de gravacións de audio e/ou vídeo, traballos escritos, aulas virtuais, vídeo chamadas e o correo electrónico (o alumnado e as familias deben asegurarse que os datos aportados ao Centro son os correctos). Estes serán utilizados dependendo dos recursos informáticos, de gravación e de internet que o Centro teña a disposición do profesorado, así como os propios do profesorado e do alumnado. Na primeira clase realizarase unha avaliación diagnóstica ao alumnado para determinar a canle pola cal se realizará este tipo de actividade lectiva.

Fomentarase un ensino a distancia semanal acorde aos horarios e tempos lectivos establecidos.

Empregarase como procedemento de avaliación a observación directa do alumnado recollida no caderno do profesorado modificando da seguinte forma os criterios de cualificación:

Asistencia puntual a clase (30%). Traballo escrito ou proba teórica sobre o repertorio ou contidos traballados na clase (obras, compositores, estética, estilo musical, etc.)

Actitude activa no ensaio (10%) por puntualidade a hora de entregar os traballos escritos ou gravacións solicitadas.

Estudo das partituras (40%) por valoración de gravacións de audio e/ou vídeo de partituras individuais do repertorio programado.

Participación correcta nos concertos (20%) por valoración de gravacións de audio e/ou vídeo da parte individual interpretada sobre unha audición da obra completa, sempre que se dispoña dos recursos necesarios.

4.13.3 Plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2020/2021

A principio de curso e partindo da avaliación diagnóstica, o profesorado establecerá un plan de reforzo e recuperación ao alumnado con aprendizaxes imprescindibles non adquiridas, o cal quedará reflexado no caderno do profesor e no seguimento da programación.

4.13.4 Revisión dos obxectivos que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación das programacións

Para a revisión da adaptación da programación e os seus logros, as actividades lectivas e a súa avaliación quedarán reflectidas no caderno do profesorado e no seguimento do alumnado.

4.13.5 Medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer

As medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo están recollidas no apartado de atención a diversidade das programacións didácticas.

Medidas de atención ao alumnado con dificultades derivadas da fenda dixital:

Comunicación cas familias dende o correo electrónico oficial ou postal (o alumnado e as familias deben asegurarse que os datos aportados ao Centro son os correctos).

Titorías co alumnado e/ou familias vía telefónica ou a través vídeo chamada.

Envío e recepción de gravacións de audio e/ou vídeo entre profesorado e alumnado.

Envío de traballos escritos empregando as vías de comunicación dipoñibles.

4.14 Orquestra

4.14.1 Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior (2020/2021)

Se levará a cabo unha avaliación diagnóstica do alumna/o nas primeiras dúas clases que permitirá verificar as aprendizaxes non adquiridas no curso anterior e quedarán reflexadas no caderno do profesor.

Se tomará como referencia os mínimos esixibles das programacións didácticas correspondente a seu curso.

4.14.2 Posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semi-presencial e/ou non presencial. Adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir

Escenario 1: Actividade lectiva presencial

A actividade lectiva presencial ten que cumprir coas medidas de prevención dos protocolos de adaptación ao contexto da covid-19 das consellerías de educación, universidade e formación profesional e as de sanidade establecidas no centro, de acordo ás diferentes normativas e protocolos de adaptación ao contexto covid19.

Estas medidas son as seguintes:

Na clase o uso de máscara é obrigatorio e permanente todo o tempo.

Na clases de instrumentos de corda, a distancia de seguridade é de, polo menos, 1.5 metros entre os presentes.

Ventilación entre as clases, de 15 minutos abrindo a porta e a xanela.

Protocolos de entrada e saída escalonada, e hixienización das mans.

Protocolos de colocación de estuches no auditorio, backstage ou estanterías da

entrada, evitando concentracións excesivas.

Partituras, lápices e gomas propios e non intercambiables..

Nos cambios de clase, o profesorado e o alumnado entrante deberá desinfectar a cadeira, a mesa, o atril e calquera outro material de uso non individual.

No caso de non poder realizar de forma presencial as probas e/ou audicións de dalgún trimestre debido as medidas do contexto COVID, éstas poderán ser substituídas por gravacións de audio e/ou vídeo.

Escenario 2: Actividade lectiva semi-presencial

O profesor poderá combinar os procedementos xa descritos na docencia presencial cos recursos dixitais, telefónicos e telemáticos que permitan darlle continuidade ao traballo de aula.

Neste caso, si a situación o aconsella, o profesor poderá levar a cabo o traballo orquestral coa formación de grupos máis reducidos de alumnos e organizar seccións con vistas á mellora da calidade do ensino que imparte.

Os criterios de cualificación se amplían da seguinte forma:

Asistencia puntual a clase (30%). Traballo escrito sobre o repertorio (obras, compositores, estética, estilo musical, etc.).

Actitude activa no ensaio (10%). Puntualidade á hora de entregar os traballos escritos ou gravacións solicitadas.

Estudo das partituras (40%). Valoración de gravacións de audio e/ou vídeo de partituras individuais do repertorio programado.

Participación correcta nos concertos (20%). Valoración de gravacións de audio e/ou vídeo da parte individual interpretada sobre unha audición da obra completa, sempre que se dispoña dos recursos necesarios.

Escenario 3: Actividade lectiva non presencial.

No caso de confinamento, a actividade lectiva non presencial deberá realizarse a

través da utilización dos recursos dixitáis e telefónicos para contactar cos alumnos. A actividade lectiva se realizaría coa utilización de aulas virtuais, videochamadas, gravacións de audio e/ou vídeo, correo electrónico e traballos escritos.

Asimesmo, para a docencia será necesaria unha boa conexión a internet nas aulas do conservatorio e dos recursos informáticos que o centro teña a disposición do profesorado, así como os propios do profesorado e do alumnado.

Na primeira clase realizarase unha avaliación diagnóstica ao alumnado para determinar a canle pola cal se realizará este tipo de actividade lectiva.

Fomentarase un ensino a distancia semanal acorde aos horarios e tempos lectivos establecidos.

Empregarase como procedemento de avaliación a observación directa do alumnado recollida no caderno do profesorado modificando da seguinte forma os criterios de cualificación:

Asistencia puntual a clase (30%) por traballo escrito sobre o repertorio (obras, compositores, estética, estilo musical, etc.).

Actitude activa no ensaio (10%) por puntualidade á hora de entregar os traballos escritos ou gravacións solicitadas.

Estudo das partituras (40%) por valoración de gravacións de audio e/ou vídeo de partituras individuais do repertorio programado.

Participación correcta nos concertos (20%) por valoración de gravacións de audio e/ou vídeo da parte individual interpretada sobre unha audición da obra completa, sempre que se dispoña dos recursos necesarios.

4.14.3 Plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2020/2021

A principio de curso e partindo da avaliación diagnóstica, o profesorado establecerá un plan de reforzo e recuperación ó alumnado con aprendizaxes imprescindibles non adquiridas, o cal quedará reflexado no caderno do profesor e no seguimento da programación.

4.14.4 Revisión dos obxectivos que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación das programacións

Para a revisión da adaptación da programación e os seus logros, as actividades lectivas e a súa avaliación quedarán reflexadas no caderno do profesorado e no seguimento do alumnado.

4.14.5 Medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer

As medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo están recollidas no apartado de atención a diversidade das programacións didácticas.

Medidas de atención ao alumnado con dificultades derivadas da fenda dixital:

Comunicación cas familias dende o correo electrónico oficial ou postal (o alumnado e as familias deben asegurarse que os datos aportados ao Centro son os correctos).

Titorías co alumnado e/ou familias vía telefónica ou a través videochamada.

Envío e recepción de gravacións de audio e/ou vídeo entre profesorado e alumnado.

Envío de traballos escritos empregando as vías de comunicación dipoñibles.

5. Departamento de Corda

5.1 Violín

5.1.1 Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior (2020/2021)

Cada docente levará a cabo unha avaliación inicial de cada alumna/o, que permitirá verificar, en cada caso, as carencias ou aprendizaxes non adquiridas por parte de cada unha/un derivadas da situación vivida nos últimos meses. Cada docente tomará nota de cada caso e quedará reflexado no documento inicial de seguimento de alumnado. Os profesores e profesoras de instrumento informarán aos proxenitores ou aos propios/as alumnos/as, según corresponda, da situación de partida nesta “nova normalidade”, facendo fincapé en todas aquelas aprendizaxes non adquiridas por mor da situación excepcional de ausencia de actividade lectiva presencial.

5.1.2 Posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semi-presencial e/ou non presencial. Adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir

Sexa cal sexa o escenario que se poida producir, os documentos de control que se veñen utilizando, é dicir, o caderno do profesor e o seguimento do alumnado, seguirán a ser instrumentos fundamentais para o control da evolución dos alumnos, moi especialmente se cabe nos supostos de semi-presencialidade ou docencia non presencial e incidindo en aqueles casos de incumprimento da programación. Pasamos a describir cada suposto a continuación:

Escenario 1: Actividade lectiva presencial

No caso de que sexa posible impartir unha docencia presencial, o punto de partida será similar aos obxectivos e contidos que están recollidos na programación de corda vixente, tendo en conta as diferentes situacións derivadas da pandemia

en relación á adquisición de coñecementos e coas debidas garantías preventivas en materia de protección da saúde. Estas medidas son as seguintes:

Ventilación das aulas durante a clase e ao final da mesma, deixando un intervalo dunhos dez minutos no que se abrirá tamén a porta da aula.

Mamparas de protección sempre que sexa posible.

Distancia de seguridade de 1.5 metros entre o docentes e alumnado.

Hixienización constante de mans entre clases para docentes e alumnado.

Revisión constante dos espazos de impartición das clases, especialmente todas as xanelas das aulas de corda (A1, A3, C3, C4, C5, C6 e CAB 6) para verificar o seu correcto funcionamento. Será preciso comprobar de forma constante a existencia en cada aula de xel hidroalcohólico e a súa correcta utilización por parte do alumnado. Se calquer docente detecta algunha anomalía, comunicarllo ao xefe do departamento de corda, que pasará o correspondente aviso ao secretario do centro.

Extremar as precaucións en caso de contacto físico cos alumnos derivado das necesidades pedagóxicas ou ao tocar os instrumentos á hora de afinar ou tarefas de posta a punto de cordas, ponte, arco, etc.

Aplicar os protocolos de seguridade nas actividades ou audicións que se poidan organizar.

Calquera outra ou outras que a situación requira en función da evolución da pandemia.

Escenario 2: Actividade lectiva semi-presencial

De ser precisa a semi-presencialidade debemos de utilizar os recursos dixitáis e telefónicos xa utilizados durante o confinamento, que permitan darlle continuidade ao traballo presencial de aula (coas mesmas medidas de prevención xa comentadas) que se poida levar a cabo.

Escenario 3: Actividade lectiva non presencial.

En caso de confinamento total, o sistema de seguimento será das mesmas características que no período de aillamento anterior, onde os recursos dixitais e telefónicos serán a única forma de contactar cos alumnos. A utilización de aulas virtuais, aplicacións e diversas ferramentas ou programas, resultan fundamentais para o ensino a distancia. Asimesmo, débese de garantir unha boa conexión a internet en todas as aulas do conservatorio, a non ser que a teledocencia se imparta dende a casa por parte dos docentes. Estas ferramentas son de utilidade sexa cal sexa a situación, polo que a súa implementación sempre terá aproveitamento e suporá un valioso valor engadido de cara o futuro. En todo caso, a teledocencia, envío de vídeos ou o contacto telefónico, será o sistema xeral a seguir, sen perxuízo da posta en marcha de iniciativas ou estratexias que cada docente do departamento teña a ben implementar.

5.1.3 Plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2020/2021

Os plans de reforzo que sexan precisos serán personalizados, en función das características de cada alumno e cada docente levará a cabo unha estratexia individualizada, deseñando un plan de estudo técnico ou artístico adaptado a cada un/ha. Haberá flexibilidade para poder recuperar paseniño todos aqueles contidos e actividades académicas e artísticas que quedaron polo camiño.

5.1.4 Revisión dos obxectivos que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación das programacións

Os obxectivos xerais seguen sendo os mesmos que figuran na programación de corda, así como os contidos a traballar. Haberá un certo nivel de tolerancia que permita que cada estudante poida ter a posibilidade de recuperar os contidos perdidos anteriormente e que, sexa cal sexa o contexto, poida adquirir un mínimo dos coñecementos e habilidades interpretativas de cada nivel. Nas catro especialidades do departamento de corda (violín, viola, violoncello e contra-baixo), mantéñense os mínimos esixibles vixentes na programación actual.

5.1.5 Medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer

Como xa se comentou, será a avaliación inicial e no documento de seguimento do alumnado onde quedarán reflectidas todas aquelas situacións de alumnos/as que teñan necesidades específicas e precisen apoio educativo. En canto ás dificultades do alumnado derivadas da fenda dixital, realizarase unha enquisa entre o alumnado para poder saber a dispoñibilidade de material informático e de telecomunicacións na súa casa (tipo de ordenadores, tablets, smartphones, smart tv, webcam, impresora, escáner, programas, sistemas operativos, apps...), así como a dispoñibilidade de conexión a internet (adsl, fibra...), e poder saber en que condicións se pode levar a cabo a teledocencia en caso de ensinanza semi-presencial ou en outros supostos de confinamento ou cuarentena.

5.2 Viola

5.2.1 Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior (2020/2021)

Durante as primeiras clases do presente curso académico realizarase a Avaliación Inicial, deixando constancia en cada caso de cal é o punto de partida de cada alumna, e comprobando se están asentados debidamente os obxectivos e contidos do curso pasado.

5.2.2 Posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semi-presencial e/ou non presencial. Adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir

No caso da actividade lectiva presencial, esta realizarase tendo en conta os protocolos sanitarios vixentes en cada momento, que serán debidamente explicados tanto ao alumnado coma ás súas familias.

De ter que recurrir á actividade lectiva non presencial, utilizaranse as mesmas ferramentas empregadas noutras ocasións, buscando a mellor opción para cada alumna. Teranse en conta tanto as súas necesidades formativas coma os recursos de que dispón para o seguimento das clases.

5.2.3 Plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2020/2021

Unha vez feita a Avaliación Inicial de cada alumna, e detectadas as posibles carencias na consecución dos obxectivos do curso pasado, organizarase dun xeito totalmente personalizado o traballo para o primeiro trimestre. O feito de seren clases individuais permite adaptar a cada caso concreto o ritmo de traballo, e de ser preciso utilizaranse as primeiras clases para recuperar e/ou asentar os obxectivos do curso anterior.

5.2.4 Revisión dos obxectivos que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación das programacións

Os obxectivos de cada curso serán os que figuran na programación. No caso de ter que facer algún tipo de adaptación, esta será totalmente personalizada, atendendo ás necesidades de cada alumna en función da súa situación.

5.2.5 Medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer

No caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, traballárase conxuntamente co resto do profesorado, tratando en todo momento de utilizar a metodoloxía máis adecuada para cada caso.

Con respecto ás dificultades derivadas das fenda dixital, unha vez detectadas serán postas en coñecemento do centro, coa finalidade de que a consellería lles proporcione os recursos necesarios para paliar esta situación. No caso de que

non se tomen medidas por parte da administración, buscaremos o mellor xeito de manter o contacto con cada alumna en función das súas posibilidades.

5.3 Violonchelo

5.3.1 Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior (2020/2021)

Cada docente levará a cabo unha avaliación inicial de cada alumna/o, que permitirá verificar, en cada caso, as carencias ou aprendizaxes non adquiridas por parte de cada unha/un derivadas da situación vivida nos últimos meses. Cada docente tomará nota de cada caso e quedará reflectido no caderno de profesor e no documento inicial de seguimento de alumnado. Os profesores e profesoras de instrumento informarán aos proxenitores ou aos propios/as alumnos/as, según corresponda, da situación de partida nesta “nova normalidade”, facendo fincapé en todas aquelas aprendizaxes non adquiridas por mor da situación excepcional de ausencia de actividade lectiva presencial.

5.3.2 Posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semi-presencial e/ou non presencial. Adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir

Sexa cal sexa o escenario que se poida producir, os documentos de control que se veñen utilizando, é dicir, o caderno do profesor e o seguimento do alumnado, seguirán a ser instrumentos fundamentais para o control da evolución dos alumnos, moi especialmente se cabe nos supostos de semi-presencialidade ou docencia non presencial e incidindo en aqueles casos de incumprimento da programación. Pasamos a describir cada suposto a continuación:

Escenario 1: Actividade lectiva presencial

No caso de que sexa posible impartir unha docencia presencial, cumprírase coas medidas de prevención dos protocolos establecidos polas autoridades educativas e sanitarias.

O punto de partida será similar aos obxectivos e contidos que están recollidos

na programación de corda vixente, tendo en conta as diferentes situacións derivadas da pandemia en relación á adquisición de coñecementos.

Escenario 2: Actividade lectiva semi-presencial

De ser precisa a semi-presencialidade debemos de utilizar os recursos dixitáis e telefónicos xa utilizados durante o confinamento, que permitan darlle continuidade ao traballo presencial de aula (coas mesmas medidas de prevención xa comentadas) que se poida levar a cabo.

Escenario 3: Actividade lectiva non presencial.

En caso de confinamento total ou parcial, o sistema de seguimento será das mesmas características que no periodo de aillamento anterior, onde os recursos dixitáis e telefónicos serán a única forma de contactar cos alumnos. A utilización de aulas virtuais, aplicacións e diversas ferramentas ou programas, resultan fundamentais para o ensino a distancia. Asimesmo, débese de garantir unha boa conexión a internet en todas as aulas do conservatorio, a non ser que a teledocencia se imparta dende a casa por parte dos docentes. Estas ferramentas son de utilidade sexa cal sexa a situación, polo que a súa implementación sempre terá aproveitamento e suporá un valioso valor engadido de cara o futuro. En todo caso, a teledocencia, envío de vídeos ou o contacto telefónico, será o sistema xeral a seguir, sen perxuizo da posta en marcha de iniciativas ou estratexias que cada docente do departamento teña a ben implementar.

5.3.3 Plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2020/2021

Os plans de reforzo que sexan precisos serán personalizados, en función das características de cada alumno e cada docente levará a cabo unha estratexia individualizada, deseñando un plan de estudo adaptado a cada un/ha. Haberá flexibilidade para poder recuperar paseniño todos aqueles contidos e actividades académicas e artísticas que quedaron polo camiño.

5.3.4 Revisión dos obxectivos que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación das programacións

Os obxectivos xerais seguen sendo os mesmos que figuran na programación de corda, así como os contidos a traballar. Haberá un certo nivel de flexibilidade que permita que cada estudante poida ter a posibilidade de recuperar os contidos perdidos anteriormente e que, sexa cal sexa o contexto, poida adquirir un mínimo dos coñecementos e habilidades interpretativas de cada nivel. Con carácter xeral nas catro especialidades do departamento de corda (violín, viola, violoncello e contrabaixo), mantéñense os contidos mínimos esixibles vixentes na programación actual.

5.3.5 Medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer

Como xa se comentou, será a avaliación inicial e no documento de seguimento do alumnado onde quedarán reflectidas todas aquelas situacións de alumnos/as que teñan necesidades específicas e precisen apoio educativo.

En canto ás dificultades do alumnado derivadas da fenda dixital, realizarase unha enquisa entre o alumnado para poder saber a dispoñibilidade de material informático e de telecomunicacións na súa casa (tipo de ordenadores, tablets, smartphones, smart tv, webcam, impresora, escáner, programas, sistemas operativos, apps...), así como a dispoñibilidade de conexión a internet (adsl, fibra...), e poder saber en que condicións se pode levar a cabo a teledocencia en caso de ensinanza semi-presencial ou en outros supostos de confinamento ou cuarentena.

5.4 Contrabaixo

5.4.1 Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior (2020/2021)

Se levará a cabo unha avaliación inicial de cada alumna/o, que permitirá verificar, en cada caso, as carencias ou aprendizaxes non adquiridas por parte de cada unha/un derivadas da situación vivida nos últimos meses. Se tomará nota de cada caso e quedará reflexado no documento inicial de seguimento de alumnado. Se informará aos proxenitores ou aos propios/as alumnos/as, según cada caso, da situación de partida nesta “nova normalidade” , facendo fincapé en todas aquelas aprendizaxes non adquiridas por mor da situación excepcional de ausencia de actividade lectiva presencial.

5.4.2 Posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semi-presencial e/ou non presencial. Adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir

Escenario 1: Actividade lectiva presencial

No caso de que sexa posible impartir unha docencia presencial, o punto de partida será similar aos obxectivos e contidos que están recollidos na programación de corda vixente, tendo en conta as diferentes situacións derivadas da pandemia en relación á adquisición de coñecementos e coas debidas garantías preventivas en materia de protección da saúde. Se manterá a docencia presencial cumprindo co as medidas preventivas e do protocolo de riscos e as medidas sanitarias publicadas e aprobadas polas autoridades sanitarias relativas á prevención fronte ao COVID 19. Prestando especialmente atención no grao elemental, ao imprescindible contacto físico profesor-alumno-instrumento, para o dominio e aprendizaxe de técnica do mesmo.

Escenario 2: Actividade lectiva semi-presencial

De ser precisa a semi-presencialidade debemos de utilizar os recursos dixitais e telefónicos xa utilizados durante o confinamento, que permitan darlle continuidade ao traballo presencial de aula (coas mesmas medidas de prevención xa comentadas) que se poida levar a cabo.

Escenario 3: Actividade lectiva non presencial.

En caso de confinamento total, o sistema de seguimento será das mesmas características que no período de aillamento anterior, onde os recursos dixitais e telefónicos serán a única forma de contactar cos alumnos. A utilización de aulas virtuais, aplicacións e diversas ferramentas ou programas, resultan fundamentais para o ensino a distancia. Asimesmo, débese de garantir unha boa conexión a internet en todas as aulas do conservatorio, a non ser que a teledocencia se imparta dende a casa por parte dos docentes. Estas ferramentas son de utilidade sexa cal sexa a situación, polo que a súa implementación sempre terá aproveitamento e suporá un valioso valor engadido de cara o futuro. En todo caso, a teledocencia, envío de vídeos ou o contacto telefónico, será o sistema xeral a seguir, sen perxuízo da posta en marcha de iniciativas ou estratexias que se teña a ben implementar.

5.4.3 Plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2020/2021

Os plans de reforzo que sexan precisos serán personalizados, en función das características de cada alumno e se levará a cabo unha estratexia individualizada, deseñando un plan de estudo técnico ou artístico adaptado a cada un/ha. Haberá flexibilidade para poder recuperar paseniño todos aqueles contidos e actividades académicas e artísticas que quedaron polo camiño.

5.4.4 Revisión dos obxectivos que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación das programacións

Os obxectivos xerais seguen sendo os mesmos que figuran na programación, así como os contidos a traballar. Os mínimos esixibles deberán ter un certo nivel de tolerancia que permita que cada estudante poida ter a posibilidade de recuperar os contidos perdidos anteriormente e que, sexa cal sexa o contexto, poida adquirir un mínimo dos coñecementos e habilidades interpretativas de cada nivel. Con carácter xeral, cada alumno debería de acadar, cando menos os contidos

mínimos esixibles nos documentos da programación vixente anterior á pandemia, e xa modificados no pasado mes de maio de 2020.

Pasamos a describir os mínimos esixibles:

Grao Elemental:

Para a superación do curso, o alumno terá que ter realizado polo menos 3 escalas e 12 estudos, pezas ou exercicios a proposta do profesor, nas que se poden considerar movementos ou pezas completas, dependendo do tipo de repertorio.

Grao Profesional:

Para a superación do curso, o alumno terá que ter realizado polo menos 6 escalas, 9 estudos e 3 obras do repertorio orientativo, traballadas ou pendentes de traballar, de acordo co profesor

5.4.5 Medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer

Como xa se comentou, será a avaliación inicial e no documento de seguimento do alumnado onde quedarán reflectidas todas aquelas situacións de alumnos/as que teñan necesidades específicas e precisen apoio educativo. En canto ás dificultades do alumnado derivadas da fenda dixital, realizarase unha enquisa entre o alumnado para poder saber a dispoñibilidade de material informático e de telecomunicacións na súa casa (tipo de ordenadores, tablets, smartphones, smart tv, webcam, impresora, escáner, programas, sistemas operativos, apps...), así como a dispoñibilidade de conexión a internet (adsl, fibra...), e poder saber en que condicións se pode levar a cabo a teledocencia en caso de ensinanza semi-presencial ou en outros supostos de confinamento ou cuarentena.

6. Departamento de Corda Pulsada

6.1 Guitarra, conxunto e RTA

6.1.1 Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior (2020/2021)

Será tarefa do profesor realizar un diagnóstico durante as primeiras clases do presente curso, por medio da avaliación inicial, para detectar posibles carencias derivadas da falla de presencialidade durante parte do segundo trimestre do curso 2020-21 e verificar desta maneira se están acadados ou non os obxectivos mínimos esixibles para o curso pasado.

6.1.2 Posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semi-presencial e/ou non presencial. Adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir

A modalidade lectiva no caso das materias instrumentais será presencial. Durante o desenvolvemento das mesmas realizaranse todas as precaucións hixiénico-sanitarias que as autoridades sanitarias determinen en cada momento. Se a situación sanitaria non o permitise volveríamos facer un seguimento a distancia a través das distintas canles que xa puxemos á disposición do alumnado durante a cuarentena: videochamadas, envío de gravacións, clases on line, etc. Esta modalidade de ensino non nos permitiría a realización das audicións que temos programadas anualmente, nin as de aula nin as de auditorio, que poderíamos substituír por unha audición a través dunha plataforma on line que conectase a varios alumnos para tocar e escoitar ós compañeiros.

6.1.3 Plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2020/2021

Unha vez realizada a avaliación inicial, se consideramos que o alumno/a non acadou os obxectivos do curso anterior, adicaremos as primeiras clases do presente curso académico a dita tarefa. O plan de recuperación será trazado de xeito personalizado, atendendo ás necesidades de cada alumno/a e desenvolverase durante a súa hora de clase.

6.1.4 Revisión dos obxectivos que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación das programacións

Na programación de guitarra do centro, dentro do apartado de mínimos esixibles para superar o curso, dictamínase que o seu nivel de cumprimento pode considerarse satisfeito “sempre e cando teña habido durante o curso unha evolución na aprendizaxe progresiva individual e unha constancia na práctica semanal”.

6.1.5 Medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer

O feito de que as clases instrumentais sexan individuais facilita o seguimento do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Este apoio será realizado durante a hora de clase, e de maneira personalizada, por medio das actividades que o profesor considere necesarias.

No que atinxe ó alumnado con dificultades derivadas da fenda dixital, o primeiro paso sería polo en coñecemento do centro para que a consellería lles proporcione os recursos necesarios para paliar esta situación. Se esta medida non se realiza podemos pornos en contacto a través de teléfono móbil ou deixándolles material de traballo na conserxería.

7. Departamento de Linguaxe Musical

7.1.1 Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior (2020/2021)

A avaliación diagnóstica ou inicial será a ferramenta fundamental para detectar aqueles casos nos que as aprendizaxes imprescindibles non teñan sido adquiridas.

Para eses casos concretos contémplanse as medidas recollidas no apartado 4.

Avaliación Inicial

Levarase a cabo en cada curso e grupo nas primeiras semanas de clase, permitindo así identificar as necesidades de atención educativa do alumnado, así como as súas dificultades. Para isto teranse en conta os informes do curso anterior dos que dispoña o departamento, así como un coñecemento personalizado da situación educativa e emocional do alumnado.

Co fin de que todo o alumnado teña acceso ao proceso de ensino e aprendizaxe en calquera dos posibles escenarios e asegurarse a súa participación e implicación no desenvolvemento das accións educativas, teranse en conta os seguintes aspectos na planificación educativa:

- a) A partir da información da finalización do curso 2020/21 e da avaliación inicial, reforzaranse os elementos curriculares que se determinen no departamento, co fin de garantir a continuidade do proceso de ensino e aprendizaxe de todo o alumnado.
- b) A aplicación de reforzos que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado, así como pluralidade de técnicas e metodoloxías de aprendizaxe que

axuden a todo o alumnado a acadar os obxectivos mínimos propostos.

c) O emprego dunha metodoloxía didáctica e de recursos que permitan o deseño de actividades educativas que se poidan desenvolver de forma presencial e, de ser o caso, non presencial, ademais de ter un carácter práctico e potenciar o traballo en equipo e o proceso de avaliación continua.

d) Os procedementos e instrumentos de avaliación deseñaranse de forma que permitan determinar o nivel de competencia acadado polo alumnado, adecuándose ás modalidades de ensino presencial e, de ser o caso, non presencial.

e) As adaptacións necesarias que a docencia non presencial poida requirir.

f) A atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer.

7.1.2 Posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial e/ou non presencial. Adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir

Actividade lectiva presencial: A modalidade presencial suporá á impartición dos contidos con total normalidade pero respectando ás indicacións recollidas no Plan COVID19 do centro.

Esta modalidade será aplicable a todo o alumnado de Grado Elemental (Linguaxe Musical; Educación Auditiva e Vocal) e de Grado Profesional (Linguaxe Musical; Repentización, Transporte e Acompañamento; Itinerario de Pedagogía; Optativa A Música Moderna) durante o curso 2021/2022.

Actividade lectiva semipresencial: Atendendo ós contidos que se estean a traballar e á ratio de cada grupo, e se a situación sanitaria obriga a este xeito de docencia, contemplaranse as seguintes modalidades de docencia:

a) o grupo enteiro asiste de xeito presencial unha sesión e a outra sesión impartirase de maneira telemática, a través de distintas canles dixitais.

b) o grupo será dividido en dúas quendas presenciais e completarán a súa formación a través de distintas canles dixitais.

c) atendendo ás condicións sanitarias do momento e ás posibilidades tecnolóxicas do centro, do profesorado e do alumnado, poderán contemplarse outras opcións ou a combinación das anteriormente expostas.

Actividade lectiva non presencial: Atendendo ás posibilidades tecnolóxicas do profesorado e do alumnado, estableceranse diferentes canles de comunicación, respectando na medida do posible ás sesións semanais e os horarios das mesmas.

7.1.3 Plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2021/2022

Unha vez realizada a avaliación diagnóstica, nos casos nos que se detecten carencias de aprendizaxe, realizaranse as medidas de recuperación e/ou reforzo detalladas a continuación:

Traballo co alumnado de materiais, na aula ou telematicamente, que conteñan os mínimos esixibles do curso anterior. No presente curso poderase requirir ao alumnado que acuda nas primeiras semanas cos libros de texto empregados no curso anterior.

Posibilidade de enviar ó alumnado nesta situación a clases de reforzo durante o primeiro trimestre.

7.1.4 Revisión dos obxectivos que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación das programacións

Todo o alumnado que precise recuperar aprendizaxes imprescindibles non adquiridas durante o curso anterior, deberá, como medida de recuperación, superar os mínimos esixibles do curso actual. Estes mínimos están detallados no apartado 7. Foron revisados e adaptados á situación de “nova normalidade” na que nos atopamos.

7.1.5 Medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer

As medidas de atención ao ANEAE xa están recollidas nas programacións do departamento.

En canto ao alumnado con dificultades derivadas da fenda dixital, buscaranse as canles máis axeitadas en función da situación e problemáticas individuais.

7.1.6 Mínimos esixibles adaptados por Materia e Curso

Linguaxe Musical

1º curso GE

Ler a primeira vista exercicios de ritmo e lectura con soltura e corrección. Avaliárase:

O sostemento do pulso.


A correcta marcación dos compases (2/4 e 3/4)

A precisión rítmica nas seguintes fórmulas rítmicas:



A soltura na lectura de notas en clave de sol, de do₄ a do₅, cos ritmos do punto anterior.

A soltura na lectura en clave de fa en cuarta liña de do₃ a do₄, cos ritmos máis básicos:



Executar simultaneamente con ambas mans exercicios rítmicos nos que unha

man leve o pulso e a outra execute os ritmos básicos:



Entoar correctamente a escala diatónica de Do maior.

Entoar a primeira vista exercicios melódicos en Do maior no ámbito da oitava con acompañamento, con notas correlativas e saltos que comprendan o arpejo de tónica cos seguintes ritmos:



Resolver correctamente cuestións básicas de teoría de xeito oral ou escrito: claves de sol e fa, figuras e silencios, compases, liñas divisorias, matices (*pp*, *p*, *mp*, *mf*, *f*, *ff*), tempo (*lento*, *adagio*, *andante*, *allegro*, *presto*), ton e semitón (mi-fa, si-do), clasificación dos intervalos (número, ascendente-descendente, conxunto-disxunto, simple-composto, melódico-harmónico).

Realizar correctamente ditados rítmico-melódicos en fragmentos de dous compases coas seguintes características:

A nivel rítmico: identificar os ritmos básicos:



A nivel melódico: movemento baseado na repetición de sons ou notas correlativas, insertando puntualmente saltos entre as notas do acorde de tónica, e nas tonalidade DoM e Lam.

2º curso GE

Ler a primeira vista exercicios de ritmo e lectura con soltura e corrección. Avaliase:

O sostemento do pulso.


A correcta marcación dos compases (2/4, 3/4, e 6/8)

A precisión rítmica. Ademais dos elementos rítmicos descritos no primeiro curso, engádese:

Subdivisión binaria:



Subdivisión ternaria:



A soltura na lectura de notas:

En clave de sol, de sol₃ a sol₅, cos ritmos do punto anterior.

En clave de fa, de do₃ ó do₄:



Executar simultaneamente con ambas mans exercicios rítmicos nos que unha man leve o pulso e a outra execute os ritmos básicos:

en subdivisión binaria:



en subdivisión ternaria:



Entoar correctamente as escalas diatónicas e o arpexo de tónica e dominante de Do maior, Sol maior e Fa maior, e os seus relativos.

Entoar a primeira vista exercicios melódicos nas tonalidades mencionadas con acompañamento, con notas correlativas e saltos que comprendan os arpejos de tónica e dominante cos seguintes ritmos:

en subdivisión binaria:



en subdivisión ternaria:



Resolver correctamente cuestións básicas de teoría de xeito oral ou escrito, ademais dos elementos teóricos descritos no primeiro curso: intervalos sen alteracións (número e especie), uso das alteracións, tons e semitóns nas escalas maior e menor, graos tonais (tónica, dominante e subdominante), tonalidades e armaduras traballadas no curso.

Realizar correctamente ditados rítmico-melódicos en fragmentos de dous compases coas seguintes características:

A nivel rítmico:

en subdivisión binaria:



en subdivisión ternaria:



A nivel melódico: movement ascendente ou descendente, repetición de sons, notas correlativas, insertando puntualmente saltos entre as notas do acorde de tónica e dominante nas tonalidades ata unha alteración e alteración accidental

na sensible do modo menor.

3º curso GE


Ler a primeira vista exercicios de ritmo e lectura con soltura e corrección. Avaliárase:

O sostemento do pulso.

A correcta marcación dos compases (2/4, 3/4, 4/4 e 6/8, 9/8, 3/8)

A precisión rítmica: ademáis dos elementos rítmicos descritos no segundo curso engádesse:

Subdivisión binaria:



Subdivisión ternaria:




A soltura na lectura de notas:

En clave de sol, de sol₃ a sol₅, cos ritmos do punto anterior.

En clave de fa, de sol₂ a do₄ cos ritmos descritos no apartado anterior, pero utilizando as combinacións rítmicas máis complexas con notas correlativas ou saltos de 3ª:

en compases de subdivisión binaria:



en compases de subdivisión ternaria:



e combinacións de corcheas e semicorcheas

Entoar correctamente as escalas diatónicas e o arpexo de tónica das tonalidades ata dúas alteracións.

Entoar os acordes de tónica, dominante e subdominante nas tonalidades mencionadas no apartado anterior.

Entoar a primeira vista exercicios melódicos nas tonalidades mencionadas con acompañamento, con notas correlativas, saltos de 3ªM/m ou a outros intervalos como 4ªX, 5ªX e 8ªX sempre que comprendan os arpejos de tónica, dominante e subdominante cos ritmos descritos no apartado anterior, deixando sempre os ritmos máis complicados para a entoación de notas correlativas (xa descritos no apartado de clave de fa), sensible do modo menor.

Resolver correctamente cuestións básicas de teoría de xeito oral ou escrito, ademais dos elementos teóricos descritos no segundo curso: intervalos con alteracións (número e especie), graos da escala, armaduras, compases simples e compostos.


Realizar correctamente ditados rítmico-melódicos, en fragmentos de dous compases, nas tonalidades ata dúas alteracións cos seguintes elementos:

Rítmicos:

en subdivisión binaria:



en subdivisión ternaria:



Melódicos: identificando o sentido ascendente ou descendente, a repetición de sons, as notas correlativas e os saltos de 3ªM/m, 4ªX, 5ªX e 8ªX entre notas dos acordes de tónica, dominante e subdominante nas tonalidades ata dúas alteracións e alteración accidental na sensible do modo menor.

4º curso GE

Ler a primeira vista exercicios de ritmo e lectura con soltura e corrección. Avaliárase:

O sostemento do pulso.

A correcta marcación dos compases (2/4, 3/4, 4/4 e 6/8, 9/8, 12/8, 3/8)

A precisión rítmica. Ademais dos elementos rítmicos descritos no terceiro curso, engádesse:

Subdivisión binaria:



Subdivisión ternaria:



A soltura na lectura de notas:

En clave de sol, de sol₃ a sol₅, cos ritmos do punto anterior.

En clave de fa, de mi₂ a do₄, cos ritmos descritos no apartado anterior, pero utilizando as combinacións rítmicas máis complexas con notas correlativas ou saltos de 3ª.

Entoar correctamente as escalas diatónicas e o arpexo de tónica das tonalidades ata tres alteracións.

Entoar os acordos de tónica, dominante e subdominante nas tonalidades mencionadas no apartado anterior.

Entoar a primeira vista exercicios melódicos nas tonalidades de ata tres alteracións con acompañamento, con notas correlativas e saltos que comprendan os arpejos de tónica, dominante e subdominante cos seguintes ritmos:

en subdivisión binaria:



en subdivisión ternaria:



Resolver correctamente cuestións básicas de teoría de xeito oral ou escrito, ademais dos elementos teóricos descritos no terceiro curso: intervalos con alteracións (número e especie), tipos de escalas menores, armaduras, cadencias conclusiva e suspensiva, triada maior, menor, aumentada e diminuída, sétima de dominante, compases simples e compostos, claves.

Realizar correctamente ditados rítmico-melódicos, en fragmentos de dous compases, nas tonalidades ata tres alteracións cos seguintes elementos:

Rítmicos:

en subdivisión binaria:



en subdivisión ternaria:



Melódicos: identificando o sentido ascendente ou descendente, a repetición de sons, as notas correlativas e os saltos entre notas dos acordes de tónica, dominante e subdominante nas tonalidades ata tres alteracións e alteracións accidentais que impliquen cromatismo ou que afecten aos tipos de escalas de menores.

1º curso GP

Ler a primeira vista exercicios de ritmo e lectura con soltura e corrección cos elementos rítmico-melódicos descritos nos cursos anteriores así como os novos indicados a continuación. Avaliarase:

O sostemento do pulso.

A correcta marcación dos compases (5/8, 7/8, 8/8, 5/4, 2/2, 3/2, 4/2).

A precisión rítmica, cambios de compás que impliquen cambio de pulso

Subdivisión binaria: fusa, cinquillo, setillo, tresillo irregular, tresillo en 2, dosillo en 3.

Subdivisión ternaria: silencio de semicorchea, dosillo irregular

A soltura e velocidade na lectura de notas:

Clave de sol cos contidos rítmicos descritos nos apartados anteriores.

Fa en 4ª cos contidos rítmicos de grao elemental.

Entoar correctamente as escalas diatónicas e o arpexo de tónica das tonalidades ata catro alteracións.

Entoar os acordes de tónica, dominante e subdominante nas tonalidades mencionadas no apartado anterior.

Entoar a primeira vista exercicios melódicos nas tonalidades mencionadas con acompañamento e a cappella, con intervalos de 2ªM-m; 3ªM-m; 4ªX, 5ªX, 8ªX, 6ª diatónica (dentro da tonalidade) e 7ªm (función de sétima de dominante) e xiros melódicos dos arpexios de tónica, dominante e subdominante, floreos e notas de paso cromáticas, dobres floreos, apoiaturas, modulacións ao homónimo e ao relativo.

Resolver correctamente cuestións básicas de teoría de xeito oral ou escrito: intervalos simples e a súa inversión, os modos xónico, dórico, frixio, lidio, mixolidio, eólico, locrio, a pentatónica maior e menor, tipos de cadencias (auténtica, plagal, rota, semicadencia), triada maior, menor, aumentada e diminuída, sétima de dominante con inversións, alteracións dobres, notas enharmonicas, compases dispareos e de amalgama, relación entre as claves.

Realizar correctamente ditados rítmico-melódicos a unha e dúas voces (o baixo coas fundamentais de tónica, dominante e subdominante) cos elementos rítmico-melódicos traballados no curso.

2º curso GP

Ler a primeira vista exercicios de ritmo e lectura con soltura e corrección nos compases que se traballan no curso. Avaliarase:

O sostemento do pulso.

A correcta marcación dos compases.

A precisión rítmica, cambios de compás que impliquen cambios de pulso, lectura sen compasear

Ler grupos de valoración especial regulares e irregulares.

Ter soltura e velocidade na lectura de notas:

Clave de sol cos contidos rítmicos propios do curso

As demais claves cos contidos rítmicos propios do grao elemental.

Entoar correctamente as escalas diatónicas.

Entoar os acordes de tónica, dominante e subdominante nas tonalidades de ata cinco alteracións.

Entoar a primeira vista exercicios melódicos con acompañamento e a cappella, con notas correlativas e saltos que comprendan os arpejos de tónica, dominante e subdominante, bordaduras e notas de paso cromáticas, apoiaturas, dominante da dominante, modulacións á dominante e subdominante.

Entoar a primeira vista exercicios de interválica pura con intervalos xustos, maiores e menores.

Resolver correctamente exercicios de teoría que inclúan os contidos do curso.


Realizar correctamente ditados melódico-rítmicos a unha e dúas voces.

EDUCACIÓN AUDITIVA E VOCAL

1º curso GE


Auditivos:

Adquirir a sensibilización, e a capacidade de recoñecemento e reprodución escrita dos movementos melódicos (ascendente, descendente, horizontal=unísono) en combinación con fórmulas rítmicas básicas:



Diferenciar entre compases binarios e ternarios: a acentuación como orixe do compás.

Memorizar e recoñecer fórmulas rítmicas dadas:



Diferenciar entre graos conxuntos e saltos.

Recoñecer e diferenciar en contraposición os modos maior e menor, en melodías sinxelas e/ou infantís.

Identificar inicio tético e anacrúsico, en melodías sinxelas e/ou infantís.

Vocais:

Practicar e interiorizar a respiración consciente: sensacións internas.

Afinar con precisión a escala de do maior.

Practicar a canción por imitación a unha voz, e introducirse na polifonía sinxela: melodías sobre ostinatos e/ou baixos harmónicos de tónica e dominante.

Memorizar fragmentos e cancións do repertorio traballado.

Adquirir os hábitos e actitudes necesarios para a práctica en conxunto.

Entoar melodías sinxelas baseadas na repetición de notas ou notas correlativas, insertando puntualmente saltos de 3ª ou tónica-dominante.

2º curso GE

Ademais dos contidos do curso anterior, engádense os seguintes:

Auditivos

Diferenciar auditivamente entre subdivisión binaria e ternaria (2/4 vs 6/8) .

Recoñecer auditivamente e posteriormente escribir os elementos rítmicos

en compás 2/4: 

en compás 6/8: 

Adquirir a sensibilización, e a capacidade de recoñecemento e reprodución escrita dos movementos ascendentes ou descendentes de graos conxuntos ou saltos (3ª, 5ª e 8ª).

Recoñecer e diferenciar auditivamente escalas maiores naturais e menores harmónicas ou naturais.

Diferenciar auditivamente entre o modo maior e o menor: fragmentos melódicos, escalas e acordes.

Recoñecer auditivamente os graos I^o e V^o en fragmentos de catro compases, e un acorde por compás, sendo o primeiro e último de tónica.

Practicar a memoria musical mediante a aprendizaxe por repetición dun fragmento musical, e o seu recoñecemento visual posterior.

Identificar erros e/ou diferenzas (rítmicas, melódicas ou melódico-rítmicas) entre dous fragmentos escoitados ou entre un escoitado e un escrito.

Ordear e reproducir por escrito, ou completar, fragmentos escoitados dados rítmicos, melódicos e melódico-rítmicos descritos nos apartados anteriores.

Vocais.

Practicar e interiorizar a respiración consciente e a relaxación, necesarias para unha boa emisión.

Afinar con precisión o arpexo de do maior.

Practicar a canción a unha voz e realizar vocalmente polifonía sinxela a dúas voces: canon a 2 voces, melodías sobre ostinatos e/ou baixos harmónicos de tónica e dominante.

Memorizar fragmentos e cancións do repertorio traballado.

Adquirir os hábitos e actitudes necesarios para a práctica en conxunto.

Entoar melodías sinxelas baseadas nos saltos de 3^a, 5^a e 8^a.

3^o curso GE

Ademais dos contidos do curso anterior, engádense os seguintes:

Auditivos

Diferenciar auditivamente os compases binarios e ternarios, simples e compostos: 2/4, 3/4, 6/8, 9/8.

Diferenciar auditivamente os seguintes elementos rítmicos:

en subdivisión binaria:



en subdivisión ternaria:



Diferenciar auditivamente os seguintes elementos melódicos: sentido ascendente ou descendente, repetición de sons, as notas correlativas e os saltos de 3ªM/m, 4ªX, 5ªX e 8ªX entre notas dos acordes de tónica, dominante e subdominante nas tonalidades ata dúas alteracións e alteración accidental na sensible do modo menor.

Recoñecer e diferenciar auditivamente os modos maior e menor.

Diferenciar auditivamente acordes maiores e menores.

Recoñecer auditivamente os graos Iº e Vº.

Recoñecer visual e auditivamente fórmulas rítmicas, melódicas ou rítmico-melódicas cos elementos rítmicos e melódicos descritos nos apartados anteriores.

Ordear e reproducir por escrito, ou completar, fragmentos escoitados dados cos elementos melódicos, rítmicos e melódico-rítmicos descritos nos apartados anteriores.

Vocais

Practicar e interiorizar a respiración consciente e a relaxación, necesarias para

unha boa emisión.

Afinar con precisión a escala de la menor, e o seu arpexo.

Interpretar vocalmente con precisión na afinación, pezas a unha e dúas voces e melodías sobre baixos harmónicos de tónica e dominante.

Memorizar fragmentos e cancións do repertorio traballado.

Adquirir os hábitos e actitudes necesarios para a práctica en conxunto.

Entoar melodías sinxelas baseadas nos saltos de 3ªM/m, 4ªX, 5ªX e 8ªX entre notas dos acordes de tónica, dominante e subdominante nas tonalidades ata dúas alteracións.

4º curso GE

Ademais dos contidos do curso anterior, engádense os seguintes:

Auditivos

Recoñecer e diferenciar auditivamente compases binarios e ternarios, simples e compostos.

Diferenciar auditivamente os seguintes elementos rítmicos:

en subdivisión binaria:



En subdivisión ternaria:





Diferenciar auditivamente os seguintes elementos melódicos: sentido ascendente ou descendente, repetición de sons, as notas correlativas e os saltos de 3ªM/m, 4ªX, 5ªX e 8ªX entre notas dos acordes de tónica, dominante e subdominante nas tonalidades ata tres alteracións e alteracións accidentais propias da escala melódica no modo menor.

Identificar auditivamente a alteración accidental a través das notas de paso cromáticas e floreo inferior.

Recoñecer e diferenciar auditivamente os modos maior e menor.

Diferenciar e identificar auditivamente acordes Maiores e menores.

Recoñecer auditivamente os graos Iº, Vº e IVº.

Recoñecer auditivamente as cadencias conclusiva e suspensiva.

Identificar erros e diferenzas entre dous fragmentos (escrito e/ou escoitado) cos elementos rítmicos e melódicos descritos nos apartados anteriores.

Ordear e reproducir por escrito, ou completar, fragmentos escoitados dados cos elementos melódicos, rítmicos e melódico-rítmicos descritos nos apartados anteriores.

Vocais

Practicar e interiorizar a respiración consciente e a relaxación, necesarias para unha boa emisión.

Afinar con precisión as escalas de Sol Maior, Mi menor, Fa Maior e Re menor, así como os seus arpexos correspondentes.

Interpretar vocalmente con precisión na afinación, pezas a unha e dúas voces e

melodías sobre baixos harmónicos de tónica, dominante e subdominante.

Memorizar fragmentos e cancións do repertorio traballado.

Adquirir os hábitos e actitudes necesarios para a práctica en conxunto.

Entoar melodías sinxelas baseadas nos saltos de 3ªM/m, 4ªX, 5ªX e 8ªX entre notas dos acordes de tónica, dominante e subdominante nas tonalidades ata tres alteracións, e empregando alteracións accidentais propias da escala melódica no modo menor.

REPENTIZACIÓN, TRANSPORTE E ACOMPAÑAMENTO

4º curso GP

Lectura nas claves antigas de a lo menos 6 corais co seu traballo de análise.

Lectura a primeira vista de partituras sinxelas (nivel aproximado de G.E.) e transporte de 2ªM.

Práctica de secuencias harmónicas de a lo menos oito compases utilizando os acordes indicados nos contidos e aplicando patróns rítmicos en tonalidades ata dúas alteracións e os seus relativos menores.

Traballos de melodía acompañada (9 melodías mínimo) aplicando diferentes patróns rítmicos e esquemas harmónicos segundo o obxectivo a acadar.

Baixos cifrados (mínimo 15 baixos) que inclúan acordes triadas coas inversións e sétima de dominante en estado fundamental.

Colección de traballos creativos (mínimo un traballo por trimestre) nos que se aplicarán contidos da programación.

5º curso GP

Lectura nas claves antigas de a lo menos 6 corais co seu traballo de análise.

Traballo de redución ó piano dun cuarteto de corda do clasicismo enteiro (3 movementos) ou do seu equivalente en fragmentos.

Lectura a primeira vista de partituras sinxelas (nivel aproximado de 4º G.E.) e transporte de 2ªM ou 3ªm-M).

Práctica de secuencias harmónicas de a lo menos oito compases utilizando os acordes de Triadas Maiores, menores e diminuídas; acordes de 7ª de dominante como principal ou secundarias; e aplicando patróns rítmicos en tonalidades de ata catro alteracións e os seus relativos menores.

Traballos de melodía acompañada (9 melodías mínimo) aplicando diferentes patróns rítmicos e esquemas harmónicos segundo o obxectivo a acadar.

Baixos cifrados (mínimo 15 baixos) que inclúan os acordes tratados no curso anterior e tamén a sétima de dominante coas inversións, sétima de segundo grado.

Colección de traballos creativos (mínimo un traballo por trimestre) nos que se aplicarán contidos da programación.

6º curso GP

Traballo de redución ó piano dunha sinfonía do clasicismo enteira (3 movementos) ou do seu equivalente en fragmentos.

Lectura a primeira vista de partituras sinxelas (nivel aproximado de 1º G.P) e transporte de 2ªM-m, 3ªm-M e 4ªX).

Práctica de secuencias harmónicas de a lo menos oito compases utilizando os acordes de Triadas Maiores, menores e diminuídas; acordes de 7ª de dominante como principal ou secundarias, 7ª diminuída e de sensible; e aplicando patróns rítmicos en tonalidades ata sete alteracións e os seus relativos menores.

Traballos de melodía acompañada (9 melodías mínimo) aplicando diferentes patróns rítmicos e esquemas harmónicos segundo o obxectivo a acadar.

Baixos cifrados (mínimo 9 baixos) que inclúan sétimas en tódolos graos, apoiaturas, cadencia dobre e progresións.

Colección de traballos creativos (mínimo un traballo por trimestre) nos que se

aplicarán contidos da programación.

ITINERARIO PEDAGOXÍA

Os mínimos esixibles son os que están recollidos na programación. No caso de non poder realizar as clases de xeito presencial, por razóns de confinamento ou cuarentena, todos estes aspectos poderán ser avaliados mediante traballos e postas en común de xeito telemático. Para tal fin se deberá manter a comunicación entre alumnado e profesora durante todo o período lectivo, pois, aínda que ó inicio do curso o alumnado será informado dos traballos a realizar durante o curso e do calendario para a realización de cada un deses traballos, se irán ditando instrucións e conciliando e detallando con cada alumna e alumno os traballos realizados e os que restan por realizar.

OPTATIVA A MÚSICA MODERNA

Os mínimos esixibles son os que están recollidos na programación. No caso de non poder realizar as clases de xeito presencial, por razóns de confinamento ou cuarentena, e debido a que a materia ten unha alta porcentaxe de presencialidade e participación do alumnado na nota final, estes aspectos serán substituídos pola realización duns traballos específicos que se irán detallando ó longo do curso dependendo das características do alumnado, do número de alumnas/os no grupo e do momento do curso no que sexa necesario tomar estas medidas. Para tal fin se deberá manter a comunicación entre alumno/a e profesora durante todo o período lectivo, pois, aínda que ó inicio do curso o alumnado será informado dos traballos a realizar durante o curso e do calendario para a realización de cada un deses traballos, se irán ditando instrucións e conciliando e detallando con cada alumna e alumno os traballos realizados e os que restan por realizar.

8. Departamento de Música Tradicional

8.1 Gaita galega

8.1.1 Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior (2020/2021)

As aulas continuaron a desenvolverse por vías telemáticas no confinamento. Aos poucos estudantes que tiveron algunha dificultade encomendaronlle actividades de reforzo para os meses de verán. Non existen polo tanto aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no pasado curso.

8.1.2 Posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semi-presencial e/ou non presencial. Adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir

Escenario 1: Actividade lectiva presencial

No caso de que sexa posible impartir unha docencia presencial, o punto de partida será similar aos obxectivos e contidos que están recollidos na programación desta materia vixente, tendo en conta as diferentes situacións derivadas da pandemia en relación á adquisición de coñecementos e coas debidas garantías preventivas en materia de protección da saúde. Estas medidas son as seguintes:

Ventilación das aulas durante a clase e ao final da mesma, deixando un intervalo dunhos dez minutos no que se abrirá tamén a porta da aula.

Mamparas de protección sempre que sexa posible.

Distancia de seguridade de 3 metros entre o docente e o alumnado.

Hixienización constante de mans entre clases para docentes e alumnado.

Revisión constante dos espazos de impartición das clases, especialmente de todas as xanelas das aulas de conxunto, para verificar o seu correcto funcionamento e que non falte a ventilación. Será preciso comprobar de forma constante a presenza en cada aula de xel hidroalcohólico e a súa correcta utilización por parte do alumnado. Se o docente detecta algunha anomalía, comunicaráse ao

xefe do departamento de conxunto, que pasará o correspondente aviso ao secretario do centro.

Acordar co alumnado un horario de chegada puntual para evitar esperas na entrada da aula.

Extremar as precaucións en caso de ter que tocar os instrumentos do alumnado, ou nas tarefas de posta a punto dos diferentes materiais necesarios para o correcto desenvolvemento da asignatura.

Non compartir instrumentos sempre que sexa posible, e en caso de ter que facelo, desinfectar os mesmos antes e despois de cada uso.

Aplicar os protocolos de seguridade nas actividades ou audicións que se poidan organizar.

Calquera outra ou outras que a situación requira en función da evolución da pandemia.

Escenario 2: Actividade lectiva semi-presencial

De ser precisa a semi-presencialidade debemos utilizar os recursos dixitais e telefónicos e telemáticos xa usados durante o pasado confinamento, que permitan darlle continuidade ao traballo presencial de aula (coas mesmas medidas de prevención xa comentadas) que se poida levar a cabo.

Escenario 3: Actividade lectiva non presencial.

En caso de confinamento total, o sistema de seguimento será das mesmas características que no periodo anterior, onde os recursos dixitais e telefónicos serán a única forma de contactar cos alumnos. A utilización de aulas virtuais, aplicacións e diversas ferramentas ou programas, resultan fundamentais para o ensino a distancia. Asimesmo, débese garantir unha boa conexión a internet en todas as aulas do conservatorio, a non ser que a teledocencia se imparta dende a casa por parte dos docentes.. En todo caso, a teledocencia, envío de vídeos ou o contacto telefónico, será o sistema xeral a seguir, sen perxuízo da posta en marcha de iniciativas ou estratexias que cada docente do departamento teña a ben implementar.

8.1.3 Revisión dos obxectivos que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación das programacións

Os obxectivos xerais seguen sendo os mesmos que figuran na programación de Música Tradicional, así como os contidos a traballar. Os mínimos esixibles deberán ter un certo nivel de tolerancia que permita que cada estudante poida ter a posibilidade de recuperar os contidos non acadados anteriormente e que, sexa cal sexa o contexto, poida adquirir un mínimo dos coñecementos e esixencias da programación.

8.1.4 Medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer

Será a avaliación inicial e no documento de seguimento do alumnado onde quedarán reflectidas todas aquelas situacións de alumnos/as que teñan necesidades específicas e precisen apoio educativo. En canto ás dificultades do alumnado derivadas da fenda dixital, realizarase unha enquisa entre o alumnado para poder saber a dispoñibilidade de material informático e de telecomunicacións na súa casa (tipo de ordenadores, tablets, smartphones, smart tv, webcam, impresora, escáner, programas, sistemas operativos, apps...), así como a dispoñibilidade de conexión a internet (adsl, fibra...), e poder saber en que condicións se pode levar a cabo a teledocencia en caso de ensinanza semi-presencial ou en outros supostos de confinamento ou cuarentena.

8.2 Acordeón

8.2.1 Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior (2020/2021)

As aulas continuaron a desenvolverse por vías telemáticas no confinamento. Aos poucos estudantes que tiveron algunha dificultade encomendaronse actividades de reforzo para os meses de verán. Non existen polo tanto aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no pasado curso.

8.2.2 Posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semi-presencial e/ou non presencial. Adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir

Escenario 1: Actividade lectiva presencial

No caso de que sexa posible impartir unha docencia presencial, o punto de partida será similar aos obxectivos e contidos que están recollidos na programación desta materia vixente, tendo en conta as diferentes situacións derivadas da pandemia en relación á adquisición de coñecementos e coas debidas garantías preventivas en materia de protección da saúde. Estas medidas son as seguintes:

Ventilación das aulas durante a clase e ao final da mesma, deixando un intervalo dunhos dez minutos no que se abrirá tamén a porta da aula.

Mamparas de protección sempre que sexa posible.

Distancia de seguridade de 1.5 metros entre o docente e o alumnado.

Hixienización constante de mans entre clases para docentes e alumnado.

Revisión constante dos espazos de impartición das clases, especialmente de todas as xanelas das aulas de conxunto, para verificar o seu correcto funcionamento e que non falte a ventilación. Será preciso comprobar de forma constante a presenza en cada aula de xel hidroalcohólico e a súa correcta utilización por parte do alumnado. Se o docente detecta algunha anomalía, comunicaráse ao xefe do departamento de conxunto, que pasará o correspondente aviso ao secretario do centro.

Acordar co alumnado un horario de chegada puntual para evitar esperas na entrada da aula.

Extremar as precaucións en caso de ter que tocar os instrumentos do alumnado, ou nas tarefas de posta a punto dos diferentes materiais necesarios para o correcto desenvolvemento da asignatura.

Non compartir instrumentos sempre que sexa posible, e en caso de ter que facelo, desinfectar os mesmos antes e despois de cada uso.

Aplicar os protocolos de seguridade nas actividades ou audicións que se poidan organizar.

Calquera outra ou outras que a situación requira en función da evolución da pandemia.

Escenario 2: Actividade lectiva semi-presencial

De ser precisa a semi-presencialidade debemos de utilizar os recursos dixitáis e telefónicos e telemáticos xa usados durante o pasado confinamento, que permitan darlle continuidade ao traballo presencial de aula (coas mesmas medidas de prevención xa comentadas) que se poida levar a cabo.

Escenario 3: Actividade lectiva non presencial.

En caso de confinamento total, o sistema de seguimento será das mesmas características que no periodo anterior, onde os recursos dixitáis e telefónicos serán a única forma de contactar cos alumnos. A utilización de aulas virtuais, aplicacións e diversas ferramentas ou programas, resultan fundamentais para o ensino a distancia. Asimesmo, débese garantir unha boa conexión a internet en todas as aulas do conservatorio, a non ser que a teledocencia se imparta dende a casa por parte dos docentes.. En todo caso, a teledocencia, envío de vídeos ou o contacto telefónico, será o sistema xeral a seguir, sen perxuízo da posta en marcha de iniciativas ou estratexias que cada docente do departamento teña a ben implementar.

8.2.3 Revisión dos obxectivos que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación das programacións

Os obxectivos xerais seguen sendo os mesmos que figuran na programación de Música Tradicional, así como os contidos a traballar. Os mínimos esixibles deberán ter un certo nivel de tolerancia que permita que cada estudante poida ter a posibilidade de recuperar os contidos non acadados anteriormente e que, sexa cal sexa o contexto, poida adquirir un mínimo dos coñecementos e esixencias da programación.

8.2.4 Medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer

Será a avaliación inicial e no documento de seguimento do alumnado onde quedarán reflectidas todas aquelas situacións de alumnos/as que teñan necesidades específicas e precisen apoio educativo. En canto ás dificultades do alumnado derivadas da fenda dixital, realizarase unha enquisa entre o alumnado para poder saber a dispoñibilidade de material informático e de telecomunicacións na súa casa (tipo de ordenadores, tablets, smartphones, smart tv, webcam, impresora, escáner, programas, sistemas operativos, apps...), así como a dispoñibilidade de conexión a internet (adsl, fibra...), e poder saber en que condicións se pode levar a cabo a teledocencia en caso de ensinanza semi-presencial ou en outros supostos de confinamento ou cuarentena.

9. Departamento de Percusión

9.1 Percusión

9.1.1 Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas en cursos anteriores

De xeito concreto, aquelas aprendizaxes ou obxectivos imprescindibles que non se acadaran no curso ou cursos anteriores aparecerán reflectidas nos informes de avaliación personalizados do alumnado, documento a partir do cal se establecerá un plan de recuperación dos mesmos.

En xeral, a posibilidade de non consecución dos obxectivos determinados para cada curso pode vir definida pola imposibilidade por parte do alumnado de traballar os diferentes contidos establecidos na programación ao non poder acceder a certo instrumental requirido para o desenvolvemento da materia e cun gran peso no currículo, como son os timbais, a multipercusión, o vibráfono e nalgúns casos a marimba.

9.1.2 Posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semi-presencial e/ou non presencial. Adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir

Na presente adaptación contémplanse tres escenarios posibles: presencialidade, semipresencialidade e non presencialidade da docencia.

Naquelas modalidades de docencia con presencialidade, total ou en parte, seguiranse en todo momento o “Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022”, co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19 (Versión 01/10/2021).

En todo caso, durante as primeiras clases o profesorado explicará a metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia e asegurarse de que o seu alumnado o comprenda.

Con carácter xeral a docencia será presencial e atenderá aos aspectos reflectidos na programación didáctica, sen precisar de adaptación algunha na metodoloxía. Seguiranse os obxectivos, contidos e criterios de avaliación e cualificación, así como os procedementos e ferramentas a empregar para a mesma.

Para aqueles casos nos que non sexa posible a total presencialidade do alumnado por motivos sanitarios, a actividade lectiva poderá levarse a cabo de xeito semipresencial – combinando clases presenciais e non presenciais –, ou de xeito non presencial debido á suspensión total das clases, facendo uso dos recursos humanos e materiais dispoñibles.

En calquera caso fomentarase un ensino a distancia semanal no que o alumnado debe participar acorde aos horarios e tempos lectivos establecidos.

En ambas modalidades o profesorado empregará a canle ou canles de comunicación que mellor se adapten á situación concreta atendendo aos recursos materiais dos que dispoña.

Como norma xeral a docencia realizarase por medio de videochamadas, sen prexuízo de que poida levarse a cabo tamén a través doutros medios como a revisión de gravacións de audio e/ou vídeo, aula virtual, correo electrónico, blogs, etc.

En todo momento o profesorado prestará especial atención a identificar a aquel alumnado que presente dificultades de calquera tipo co obxectivo de minimizalas á maior brevidade.

Os procedementos de avaliación estarán baseados na metodoloxía que o profesorado puxera en práctica, e en xeral serán:

Observación: Ben directa, naqueles casos onde se estea a levar a cabo a actividade lectiva a través de videochamadas, ou en diferido se é por medio de gravacións.

Revisión das tarefas encomendadas.

Os instrumentos de avaliación serán os indicados na programación didáctica (diario do profesor, probas específicas de avaliación, rúbricas, etc.).

Igualmente que no caso da ensinanza presencial, a avaliación será continua e formativa e respectaranse os criterios de cualificación indicados na programación didáctica, tendo en conta que, no caso do tanto por cento do peso da nota pertencente á audición pública, o profesorado poderá realizar unha proba específica e asignarllou pasar esta porcentaxe ao traballo diario ou de aula.

Para dita proba específica empregárase para a cualificación a ficha de ponderación dos diferentes aspectos a avaliar durante a interpretación (Folla de calibración) presente na programación didáctica.

No caso de que os alumnos non dispoñan dos instrumentos que se requiren na programación didáctica, o profesorado poderá realizar cambios nos contidos durante o período no que o alumnado non teña acceso a ese instrumental, engadindo outros de ampliación e/ou reforzo naqueles dispoñibles, para unha vez normalizada a situación proceder á súa recuperación.

Por outra banda, aquel alumnado para o cal non se dispoña de suficientes datos obxectivos para a súa avaliación e cualificación en calquera dos trimestres, poderá ser convocado para a realización dunha proba a través da canle ou canles que o profesorado empregue na súa comunicación.

9.1.3 Plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas noutros cursos

Atendendo ao informe de avaliación individualizado, e tras unha avaliación diagnóstica, o profesorado estudará cada caso e informará a cada discente ou ao seu titor ou titora do plan de reforzo a levar a cabo, deixándoo recollido no seu caderno do docente.

Terase en conta o reforzo dos contidos naqueles instrumentos nos que non houbo continuidade ao longo do curso ou cursos anteriores por mor da imposibilidade ao seu acceso e o profesorado poderá, se o estima oportuno, reducir os

doutros instrumentos que si puideron ser traballados en favor daqueles.

Neste suposto, no momento en que o profesorado considere que se acadaron as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso pasado, volverase ao establecido na programación didáctica, velando porque se cumpran os mínimos esixibles do curso presente.

9.1.4 Revisión dos obxectivos que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación das programacións

A través da adaptación da programación didáctica tendo en conta as diversas casuísticas posibles esperamos que se cumpran a totalidade dos obxectivos establecidos a excepción dos que fagan referencia á interpretación en público e ás interaccións co resto dos compañeiros, e os contidos e criterios de avaliación relacionados cos mesmos por tratarse dun ensino a distancia.

A progresión do alumnado recollerase no caderno do profesorado, ferramenta que indicará, ademáis, o plan de reforzo ou recuperación das aprendizaxes non adquiridas noutros cursos de cada discente.

9.1.5 Medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer

En canto ás medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que non teñan relación con dificultades derivadas da fenda dixital, aplicaranse as establecidas na programación didáctica empregando a canle ou canles de comunicación que se estea a empregar co alumnado.

Para aquel alumnado que teña problemas para conexións síncronas a través da videochamada, o profesorado estudará outras canles ou modalidades de comunicación que non dependan desta característica, como pode ser o depósito de materiais en bancos ou plataformas dixitais de xeito que poidan consultalos en calquera momento, envío de gravacións de audio ou vídeo para que o profesorado comunique as súas correccións e avaliación ben por escrito en audio ou en

vídeo, chamadas telefónicas, a través do correo electrónico corporativo ou calquera outro ao seu alcance que estipule e que poida resultar eficaz para a mellora do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

De non poder levarse a cabo unha atención axeitada do alumnado de xeito continuado por calquera circunstancia, e despois de intentar por diversos medios poñerse en contacto con eles e/ou os seus titores de xeito infructuoso informárase á xefatura de estudos para que se tomen as medidas oportunas.

10. Departamento de Piano Acompañante

10.1 Piano Acompañante

Introdución. Marco lexislativo e de referencia.

Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022, versión 06/07/2021.

Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial no curso académico 2021/2022.

10.1.1 **Avaliación inicial. Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior (2020/2021).**

Ao ser o departamento de pianista acompañante un departamento que presta un servizo, sen considerarse unha materia cunha programación didáctica ao uso, será responsabilidade dos titores de cada especialidade avaliar as necesidades de cada alumno e adecualas a organización e normas do departamento de piano acompañante vixentes para o presente curso, tais como petición de ensaios, entrega de repertorio, así como a planificación das actividades que habitualmente se levan a cabo no departamento e a información aos correspondentes pianistas acompañantes dos informes de seguimento de cada alumno.

Realizarase unha avaliación inicial durante as primeiras semanas ou primeiros ensaios do curso escolar, identificando as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa mediante a análise dos informes do curso anterior e o coñecemento personalizado da súa situación educativa e emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación pola nosa parte, tendo en conta o acceso que tivo con anterioridade ao servizo de piano acompañante nesta situación excepcional.

10.1.2 Posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial. Adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir.

Actividade presencial.

No escenario da actividade lectiva presencial o servizo de pianista acompañante rexerese pola normativa vixente no departamento.

Na primeira sesión do curso prestarase unha atención especial a informar ao alumnado sobre todas as medidas específicas de adaptación motivadas polo protocolo do contexto da COVID-19 tanto a nivel xeral no centro educativo como a nivel particular na aula durante os ensaios. Habitualmente o profesorado fará recordatorios das devanditas medidas debidamente actualizadas facilitando a súa aprendizaxe e interiorización de tal xeito que se desenvolvan novas rutinas de hixiene e prevención no alumnado.

Todas as actividades desenvolvidas ao longo do curso, tanto a actividade lectiva habitual, como probas específicas, audicións e outras actividades complementarias e/ou extraescolares respectarán escrupulosamente as medidas de hixiene e seguridade establecidas polo protocolo da COVID-19 e seguindo as recomendacións sanitarias en todo momento.

Actividade semipresencial.

A actividade semipresencial adoptarase nas situacións requiridas pola organización académica derivada da COVID-19 ou ditaminadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e/ou as autoridades sanitarias competentes. Esta actividade lectiva é unha combinación das modalidades presencial e non presencial.

Este escenario planificarase con carácter semanal, quincenal ou mensual segundo as necesidades. A semipresencialidade promoverá o uso de metodoloxías e recursos propios da formación telemática e potenciará as competencias dixitais do alumnado e do profesorado coa metodoloxía e ferramentas indicadas a continuación na modalidade non presencial.

Actividade non presencial.

A actividade lectiva non presencial adoptarase nos casos do alumnado que estea en situación de corentena ou naqueles casos ditaminados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e/ou as autoridades sanitarias competentes.

Debido ao carácter eminentemente práctico e insustituíble a nivel telemático do noso servizo, o traballo non presencial non poderá ser desenvolvido nas mesmas condicións que nunha situación de normalidade retomando os ensaios presenciais tan pronto como sexa posible.

Mentres tanto o departamento habilitará un servizo diferente a través da Aula virtual ou outras canles dispoñibles en caso de confinamento.

Mediante valoración e acordo entre titor e profesor pianista acompañante, poderanse facer gravacións puntuais de fragmentos ou repertorio que as súas características o permita, sempre que sirvan de guía ao alumno, aínda que sexa un traballo moi afastado da práctica real e que non se axusta as necesidades reais da nosa práctica musical.

Empregarase un novo enfoque a través da gravación como ferramenta pedagóxica.

Cada pianista acompañante creará a súa propia aula virtual para os alumnos da súa especialidade ou especialidades á que tamén poderá ter acceso o profesor/titor da especialidade.

A finalidade é proporcionar material de traballo para continuar na medida do posible a formación do alumno, proporcionando unha visión de conxunto da obra a interpretar.

O pianista acompañante poñerá a disposición dos seus alumnos, previa comunicación e acordo co titor, gravacións de fragmentos de traballo da obra a interpretar xunto con indicacións nunha partitura en PDF para guiar o traballo en caso necesario.

O alumno pola súa parte poderá reproducir a obra ou fragmentos a diferentes

velocidades para o seu traballo persoal. Tamén poderá realizar unha gravación e reenviarlla ao profesor/pianista acompañante para o seguimento da súa evolución e poder así recibir asesoramento individualizado a través da mesma Aula Virtual ou a canle que ámbolos dous consideren máis oportuna.

A continuación enumeramos algunhas ferramentas TIC suxeridas de forma orientativa, sen prexuízo de usar outras de características semellantes para o desenvolvemento da actividade telemática, seguindo o criterio de seleccionar software libre e gratuíto, ou no seu defecto, versións gratuítas que permitan as funcionalidades requiridas:

Aula virtual. Trátase da plataforma creada pola xunta para que os profesores e alumnos podan utilizar esta ferramenta de comunicación e aprendizaxe xestionando os seus cursos online a través do sistema de xestión de aprendizaxe de código aberto Moodle.

Audacity para as gravacións. Audacity é unha aplicación informática multiplataforma libre, que se pode usar para a gravación e edición de audio. Este programa permite entre outras a función de gravación de audio en tempo real, edición de arquivos de audio tipo Ogg Vorbis, MP3, WAV, AIFF, AU , LOF y WMP, conversión entre formatos de tipo audio, importación de arquivos de formato MIDI, RAW e MP3, edición de pistas múltiples, agregar efectos ao son (eco, inversión, ton, etc) e a posibilidade de usar plug-ins para aumentar a súa funcionalidade.

VLC- Reprodutor de música. Trátase dun reprodutor e framework multimedia, libre e de código aberto creado polo proxecto VideoLAN. É un programa multiplataforma con versións dispoñibles para moitos sistemas operativos, é capaz de reproducir case calquera formato de vídeo sen necesidade de instalar códecs externos ademais de capacidade de streaming.

Acrobat Reader- como editor de PDF. Trátase dunha aplicación deseñada para visualizar, crear e modificar arquivos con formato Portable Document Format, máis coñecido como PDF. O uso do formato PDF é moi común para mostrar texto cun deseño visual ordenado.

10.1.3 Plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2020/2021

O profesorado pianista acompañante seguirá sempre as instrucións e programación do repertorio acordado e entregado en tempo e forma segundo as normas do departamento por parte dos titores de cada especialidade.

10.1.4 Revisión dos obxectivos que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación das programacións

Non se contemplan, ao non tratarse dunha materia que siga unha programación didáctica con contidos, obxectivos e criterios de avaliación e cualificación.

10.1.5 Medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer

Realizarase unha valoración do alumnado e as súas circunstancias, ben persoalmente ou ben a través dos seus pais para saber de que recursos TIC dispoñen e trazar así un plan viable de atención personalizada para poder levar a cabo a docencia a distancia ou semipresencial.

No caso do alumnado con necesidades específicas de calquera índole, o profesorado poderá aplicar as medidas de atención individual que considere máis oportunas. Se é o caso, buscarase orientación externa co propio centro como mediador.

11. Departamento de Tecla

11.1 Piano

Introdución. Marco lexislativo e de referencia

Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022, versión 06/07/2021.

Resolución da Secretaría Xeral de Educación y Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial no curso académico 2021/2022.

11.1.1 Avaliación inicial.

Partindo da avaliación inicial con valor diagnóstico e sempre pensando nas necesidades e características individuais do alumnado, ademáis da súa situación emocional, o profesorado reforzará os elementos curriculares imprescindibles co fin de garantir a continuidade do proceso de ensino- aprendizaxe. Adoptaranse medidas concretas de adaptación da Programación para o alumnado nos aspectos que sexan necesarios. Prestarase especial atención ao alumnado que teña dificultades para traballar a distancia por medios telemáticos.

11.1.2 Posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semi-presencial e/ou non presencial. Adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir

Actividade lectiva presencial.

No escenario da actividade lectiva presencial a docencia rexirase pola Programación vixente.

Na primeira sesión do curso prestarase unha atención especial a informar ao alumnado sobre todas as medidas específicas de adaptación motivadas polo protocolo do contexto da COVID-19 tanto a nivel xeral no centro educativo como a nivel particular na aula durante as clases. Habitualmente, o profesorado fará

recordatorios das devanditas medidas facilitando a súa aprendizaxe e inteorización.

Independientemente á circunstancia desta modalidade de ensino presencial, segundo recollen as devanditas Instrucións do protocolo do contexto da COVID-19, nos primeiros días de clase o profesorado deberá facilitar ó seu alumnado a inscrición na aula virtual e asegurarse de que coñece o funcionamento do seu curso e da metodoloxía que seguirá no hipotético caso de ter que realizar o ensino a distancia ou semi-presencial. Realizarase unha enquisa ao alumnado ou no seu caso aos pais para saber de que recursos TIC dispoñen, deste xeito o profesorado saberá as condicións para poder levar a cabo a docencia a distancia ou semi-presencial.

Segundo o contexto da COVID-19, teremos en conta estes principios metodolóxicos:

1. Autoavaliación.
2. Autonomía
3. Sentido crítico.
4. Discernimento auditivo.
5. Comprensión oral.
6. Autoconciencia corporal
7. Autoconciencia kinesética.

Todas as actividades desenvolvidas ao longo do curso, tanto a actividade lectiva habitual, como probas específicas, audicións e outras actividades complementarias e/ou extraescolares, respectarán escrupulosamente as medidas de hixiene e seguridade establecidas polo protocolo da COVID-19 e seguindo as recomendacións sanitarias en todo momento.

Actividade lectiva semi-presencial.

A actividade semipresencial adoptarase nas situacións requeridas pola organización académica derivada da COVID-19 ou dictaminadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e/ou as autoridades sanitarias. Esta actividade lectiva é unha combinación das modalidades presencial e non presencial.

Este escenario planificarase con carácter semanal, quincenal ou mensual segundo as necesidades. A semipresencialidade promoverá o uso de metodoloxías e recursos propios da formación telemática e ponteciará as competencias dixitais do alumnado e do profesorado. Utilizaranse os recursos TIC máis apropiados e dispoñibles ao alcance do alumnado e poderase realizar en directo ou en diferido. Entre os recursos telemáticos, a aula virtual facilitada pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional será a vía principal utilizada.

A Programación da asignatura será flexible no referente aos contidos específicos, sen menoscabo de acadar os obxectivos e contidos mínimos.

Teremos en conta os principios metodolóxicos expostos na modalidade anterior.

Actividade lectiva non presencial.

A actividade lectiva non presencial adoptarase nos casos do alumnado que estea en situación de corentena ou dictaminados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e/ou as autoridades sanitarias.

O traballo telemático será desenvolvido cos recursos TIC máis apropiados e dispoñibles ao alcance do alumnado e poderase realizar en directo ou en diferido.

A aula virtual facilitada pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional será a vía principal utilizada para a docencia non presencial.

A Programación da asignatura será flexible no referente aos contidos específicos, sen menoscabo de acadar os obxectivos e contidos mínimos.

Teremos en conta os principios metodolóxicos expostos na modalidade presencial.

11.1.3 Revisión dos obxectivos que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación das programacións

Actividade lectiva non presencial e semi-presencial.

Grao Elemental.

Aínda que os obxectivos só se poden acadar plenamente e con calidade nun escenario presencial, isto non implica que non se poida chegar a un nivel aceptable na súa consecución nos escenarios non presencial ou semi-presencial. O alumnado poderá acadar sen problema os obxectivos sinalados na Programación.

Grao Profesional.

Aínda que os obxectivos só se poden acadar plenamente e con calidade nun escenario presencial, isto non implica que non se poida chegar a un nivel aceptable na súa consecución nos escenarios non presencial ou semi-presencial. O alumnado poderá acadar sen problema os obxectivos sinalados na Programación.

11.1.4 Medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer

Realizarase unha enquisa ao alumnado ou no seu caso aos pais para saber de que recursos TIC dispoñen, deste xeito os/as profesores/as saberán as condicións para poder levar a cabo a docencia a distancia ou semi-presencial.

Haberá unha atención personalizada segundo as necesidades individuais de cada alumno/a, prestando especial atención a aqueles que presentan maior dificultade. Se é o caso, buscarase orientación externa co propio centro como mediador.

11.2 Piano Complementario

11.2.1 Introducción. Marco legislativo e de referencia.

Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022, versión 06/07/2021.

Resolución da Secretaría Xeral de Educación y Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial no curso académico 2021/2022.

11.2.2 Avaliación inicial.

Partindo da avaliación inicial con valor diagnóstico e sempre pensando nas necesidades e características individuais do alumnado ademais da súa situación emocional, o profesorado reforzará os elementos curriculares imprescindibles co fin de garantir a continuidade do proceso de ensino- aprendizaxe. Adoptaranse medidas concretas de adaptación da Programación para o alumnado nos aspectos que sexan necesarios. Prestarase especial atención ao alumnado que teña dificultades para traballar a distancia por medios telemáticos.

11.2.3 Posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semi-presencial e/ou non presencial. Adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir

Actividade lectiva presencial.

No escenario da actividade lectiva presencial a docencia rexirase pola Programación vixente.

Na primeira sesión do curso prestarase unha atención especial a informar ao alumnado sobre todas as medidas específicas de adaptación motivadas polo protocolo do contexto da COVID-19.

Segundo o contexto da COVID-19 teremos en conta estes principios metodolóxicos:

1. Autoavaliación.
2. Autonomía
3. Sentido crítico.
4. Discernimento auditivo.
5. Comprensión oral.
6. Autoconciencia corporal
7. Autoconciencia kinesética.

Como consecuencia das instrucións e recomendacións sanitarias da COVID-19 será necesario que o alumnado dispoña do seu propio instrumento.

Actividade lectiva semi-presencial.

A actividade semipresencial adoptarase nas situacións requiridas pola organización académica derivada da COVID-19 ou dictamadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e/ou as autoridades sanitarias. Esta actividade lectiva é unha combinación das modalidades presencial e non presencial.

Este escenario planificarase con carácter semanal, quincenal ou mensual segundo as necesidades. A semipresencialidade promoverá o uso de metodoloxías e recursos propios da formación telemática e ponteciará as competencias dixitais do alumnado e do profesorado. Utilizaranse os recursos TIC máis apropiados e dispoñibles ao alcance do alumnado e poderase realizar en directo ou en diferido. Entre os recursos telemáticos, a aula virtual facilitada pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional será a vía principal utilizada.

A Programación da asignatura será flexible no referente aos contidos específicos, sen menoscabo de acadar os obxectivos e contidos mínimos.

Teremos en conta os principios metodolóxicos expostos na modalidade anterior.

Para poder desenvolver esta modalidade será requisito indispensable que o

alumnado dispoña do seu propio instrumento.

Actividade lectiva non presencial.

A actividade lectiva non presencial adoptarase nos casos do alumnado que estea en situación de corentena ou dictaminados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e/ou as autoridades sanitarias.

O traballo telemático será desenvolvido cos recursos TIC máis apropiados e dispoñibles ao alcance do alumnado e poderase realizar en directo ou en diferido.

A aula virtual facilitada pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional será a vía principal utilizada para a docencia non presencial.

A Programación da asignatura será flexible no referente aos contidos específicos, sen menoscabo de acadar os obxectivos e contidos mínimos. Teremos en conta os principios metodolóxicos expostos na modalidade presencial.

Para poder desenvolver esta modalidade será requisito indispensable que o alumnado dispoña do seu propio instrumento.

11.2.4 Revisión dos obxectivos que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación das Programacións

O alumnado deberá cumprir con todos os obxectivos que figuran na Programación excepto aqueles que fagan referencia á interpretación en grupo para todos os cursos, independentemente de que a actividade sexa ou non presencial.

11.2.5 Medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer

Realizarase unha enquisa ao alumnado ou no seu caso aos pais para saber de que recursos TIC dispoñen, deste xeito o profesorado saberá as condicións para poder levar a cabo a docencia a distancia ou semi-presencial.

No caso do alumnado con necesidades específicas de calquera índole, o profesorado poderá aplicar as medidas de atención individual que considere máis oportunas. Se é o caso, buscarase orientación externa co propio centro como mediador.

12. Departamento de Vento Madeira

12.1.1 Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior (2020/2021)

As aprendizaxes imprescindibles de cada materia están recollidas nos mínimos esixibles que constan nas programacións didácticas e determinan os obxectivos e contidos mínimos a superar polo alumnado.

A suspensión da actividade lectiva non presencial dende o 14 de marzo de 2020 e as súas consecuencias, traslado da docencia ao formato non presencial e as adaptacións realizadas nas programacións para o último trimestre do curso 2019/2020, forzaron que a materia destinada a este trimestre só se puidera impartir no caso de que os obxectivos e os contidos do primeiro e segundo trimestre estiveran totalmente asimilados. É por isto que, durante o curso 2020/2021 a materia do terceiro trimestre do curso anterior, nos casos nos que non se puido tratar, tivo que ser combinada coa do propio curso para tentar minorar os efectos que a pandemia da COVID-19 causou no desenvolvemento académico do curso 2019/2020.

Ainda que a maioría dos alumnos puideron completar o programa previsto para o curso, terase en conta as dificultades que resultaron da implantación da docencia non presencial no curso 2020/2021.

12.1.2 Posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semi-presencial e/ou non presencial. Adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir

A docencia, en calquera das súas modalidades, estará rexida pola resolución do

8 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial no curso académico 2021-2022 xunto a o establecido no protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022.

A experiencia do último trimestre do curso 2019/2020 pon de manifesto a necesidade de integrar a utilización das ferramentas que ofrecen as TIC's no traballo diario da aula para poder minorar o impacto da COVID-19 no curso 2021/2022. Neste sentido, debido a que as novas medidas sanitarias publicadas provocarán unha merma do tempo dispoñible de docencia para cada sesión lectiva presencial, o alumnado, a requerimento do profesor, terá que completar a súa participación mediante a realización de diferentes tarefas, como a elaboración de audios, videos ou recensións sobre temáticas relacionadas coa materia e o curso no que se atope o alumnado.

No caso dun escenario de docencia semi-presencial, derivado dunha cuarentena de parte do alumnado, do profesor ou diferentes situacións que puideran surxir, a actividade de clase que non fose presencial realizaríase de xeito telemático mediante videoconferencia e/o aula virtual, preferentemente, nas plataformas habilitadas pola Consellería de Educación e no horario de clase. Se a docencia telemática tivera que realizarse polo profesor dende o Conservatorio esta terá que adaptarse ás posibilidades materiais e técnicas que estean a disposición do docente no centro en cada momento. Do mesmo xeito que na actividade presencial, o alumnado a requerimento do profesor, completará a súa participación coa realización de diferentes tarefas, como poden ser a elaboración de audios, videos o recensións sobre temáticas relacionadas coa materia e o curso no que se atope o alumnado. Se a semi-presencialidade coincidira cunha proba técnica ou audición, o alumno terá que enviar gravacións de video co contido requerido para as convocatorias citadas e no caso da audición, co acompañamento, se este estivera dispoñible.

No caso no que a docencia pase a ser completamente non presencial, a actividade de clase pasaría a realizarse completamente de xeito telemático mediante videoconferencia e/o aula virtual, preferentemente, nas plataformas habilitadas pola Consellería de Educación e no horario de clase. Do mesmo xeito que o exposto anteriormente, o alumnado, a requerimento do profesor, completará a súa participación coa realización de diferentes tarefas, como poden ser a elaboración de audios, videos ou rescensións sobre temáticas relacionadas coa materia e o curso no que se atope matriculado.

Para aqueles casos nos que non sexa posible a presencialidade debido a suspensión parcial ou total das clases, os porcentaxes dos criterios de cualificación referidos as probas e/ou audicións mudarán polos audios ou videos que solicite o profesorado dos recursos traballados no curso. Se o rexistro de audio/video non reúne a calidade necesaria para ser avaliado terase en conta o establecido na programación no apartado dos criterios da avaliación.

As ferramentas necesarias para poder desenvolver a docencia nas modalidades semi-presencial e non-presencial no centro serán unha computadora na aula, conexión a internet e un microfono, que permita realizar videochamadas e acceder á aula virtual.

12.1.3 Plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2020/2021

Despois da valoración da avaliación inicial o profesor elaborará un plan personalizado de reforzo e recuperación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2020/2021 para o alumnado que o precise, onde se detallarán as actividades e materiais didácticos a empregar, e que terá que ser adxuntado no libro do profesor e facer constar no seguimento da programación do departamento. As medidas serán comunicadas polo profesorado ao alumnado e aos titores legais dos mesmos.

12.1.1 Revisión dos obxectivos que o alumnado poderá lograr como consecuencia da adaptación das programacións

Debido ás características da ensinanza musical e ás limitacións que surxen no exercicio da docencia na modalidade non presencial, algúns dos obxectivos propostos na programación poderán modificarse de xeito excepcional para adaptarse ás diversas circunstancias que poidan acaecer. A adaptación dos obxectivos da programación recollida no plan de reforzo detallará a súa posible modificación e constará no caderno do profesorado. No contexto da ensinanza non presencial é previsible o cumprimento de tódolos obxectivos agás os que fan referencia á interpretación pública e interacción co resto da comunidade educativa.

12.1.5 Medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer

